



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión ordinaria do 17 de abril de 2019**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D. Carlos López Font  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. Nuria Rodríguez Rodríguez  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e trinta e cinco minutos do día dezasete de abril do dous mil dezanove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a todos os membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e a interventora adxunta, Sra. Gómez Corbal.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(283).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 11 de abril de 2019. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(284).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE ORDENADORES DE SOBREMESA, MONITORES, PORTÁTILES, TABLETS E CLIENTES LIXEIROS". EXPTE. 8752/113.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 04/04/19 e o informe de fiscalización do 08/04/19, dáse conta do informe-proposta de data

02/04/19, asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica, o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, e polo concelleiro-delegado de Administración Electrónica, que di o seguinte:

## **ANTECEDENTES**

1.- En data 13/02/2019 o Xefe de servizo de Administración Electrónica, iniciou o expediente coa finalidade da contratación por procedemento aberto do subministro de ordenadores de sobremesa, monitores, portátiles, tablets e clientes lixeiros.

2.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica e co conforme do Concelleiro delegado de Xestión Municipal.
- Resolución de inicio de expediente de contratación de data 13/02/2019 do concelleiro delegado Concelleiro Delegado de Xestión Municipal.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 11/03/2019 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica
- Memoria xustificativa do contrato de data 11/03/2019, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica e co conforme do Concelleiro delegado de Xestión Municipal
- Informe da xefa do Servizo de Contratación de data 11/03/2019, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da subministración polo procedemento aberto, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, é de data 01/04/2019.

## **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos



## Concello de Vigo

termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada por acordo da Xunta de goberno Local de 19 de xuño de 2015 nos concelleiros de Área. O concelleiro delegado de Xestión Municipal mediante resolución de data 13/02/2019 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

**Segundo.-** Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 16 da LCSP, tramitase como un contrato de subministro.

**Terceiro.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e, nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

**Cuarto.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

**Quinto.-** Na Memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é o aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, simplificada conforme ao disposto no artigo 116 e 159 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

**Sexto.-** De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

**Séptimo.-** O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

**Octavo.-** A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente coa finalidade de realizar a contratación por procedemento aberto do subministro de ordenadores de sobremesa, monitores, portátiles, tablets e clientes lixeiros.

**SEGUNDO.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación e asinado en data 01/04/2019.

**TERCEIRO.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Técnicas Particulares, de data 11/03/2019 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica

**CUARTO.-** Autorizar o gasto de 120.000,00 €, que inclúe un IVE de 20.826,45 €, desde o 1 de Maio de 2019, o cal se imputará a partida 9207. 6260000 (EQUIPOS INFORMATICOS) dos exercicios 2019 e 2020 segundo o seguinte detalle;

**Anualidades:**

<b>Exercicio</b>	<b>Importe</b>
2019	60.000,00 €
2020	60.000,00 €

**QUINTO.-** Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(285).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE PROCURADOR/A PARA A REPRESENTACIÓN DO CONCELLO DE VIGO NO PARTIDO XUDICIAL DE MADRID E PERANTE ÓRGANOS XURISDICIONAIS E ESPECIAIS CON SEDE NESA CIDADE. EXPTE. 11999/111.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 04/04/19 e o informe de fiscalización do 08/04/19, dáse conta do informe-proposta de data 20/03/19, asinado polo letrado especialista no orde social civil contenciosa e mercantil da Asesoría Xurídica, o letrado xefe da Área Xudicial da Asesoría Xurídica, o concelleiro-delegado de Xestión Municipal, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:



## Concello de Vigo

### Antecedentes

A resolución do 22 de febreiro do 2019 asinada polo Concelleiro delegado de Xestión Municipal iniciou o expediente para a *“tramitación do Contrato de Servizos de Procurador/a dos Tribunais do Concello de Vigo no Partido Xudicial de Madrid e perante órganos xurisdicionais e especiais con sede nesa Cidade”*.

No expediente que se tramitou ata o de agora figuran incorporados os seguintes documentos:

- Informe de necesidade e idoneidade do contrato e proposta de orde de inicio do expediente asinada polo Letrado e o Xefe da Área Xudicial o 22 de febreiro do 2019, e resolución de inicio do expediente asinada polo Concelleiro delegado de Xestión Municipal na mesma data.
- Prego de prescricións técnicas do 25 de febreiro do 2019 asinado polo Letrado e o Xefe da Área Xudicial.
- Memoria Xustificativa do contrato asinada o 26 de febreiro do 2019 polo Letrado e o Xefe da Área Xudicial, e conformado polo Concelleiro delegado de Xestión Municipal.
- Informe da Xefa do Servizo de Contratación do 14 de marzo do 2019 por medio da cal se informa de que figuran incorporados os documentos esixidos para a súa tramitación.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizos de procurador dos tribunais no partido xudicial de Madrid e perante órganos xurisdicionais e especiais con sede nesa Cidade do 15 de marzo do 2019, redactado e asinado pola Xefa do Servizo de Contratación.

### Fundamentos de dereito

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciarase polo órgano de contratación. No Concello de Vigo esta competencia está delegada por Decreto de Delegación de Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015, nos concelleiros da Área.

**Segundo.-** No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116 da LCSP, o informe de necesidade e idoneidade do contrato, a memoria xustificativa co contido previsto no apartado 4 deste artigo 116 LCSP, o prego de prescricións técnicas e o prego de cláusulas administrativas particulares, tal e como se relaciona nos antecedentes deste informe.

No artigo 116.3 (último parágrafo) da LCSP establécese que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que incorporará o servizo de Intervención Xeral quen ademais fiscalizará previamente a aprobación do expediente.

**Terceiro.-** O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto simplificado. Os elementos básicos do contrato, tal e como figuran recollidos e desenvolvidos nos documentos que forman parte deste expediente son os seguintes:

O seu **obxecto** o constitúe a prestación das funcións propias da profesión de procurador/a dos Tribunais no Partido Xudicial de Madrid e perante órganos xurisdicionais e especiais con sede nesa cidade, en exercicio e segundo resulta esixible do seu propio conxunto de deberes, fixado legal, regulamentaria e estatutariamente polas normas propias do seu estatuto profesional, colexial e polas diferentes normas procesuais, segundo dispoña cada unha delas. A contratación a realizar cualifícase como contrato de servizos, de conformidade co establecido no artigo 17 LCSP.

Con un **prazo** de 18 meses. En todo caso, o contrato rematará o 30 de setembro de 2020.

O **orçamento base de licitación** que opera como límite máximo de gasto ascende a 8.895,22 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 1.543,80 euros, con imputación á partida 9200 2260400 ("Gastos xudiciais e notariais"). O **valor máximo estimado** é de 7.351,42 €, ao non preverse prórrogas nin modificacións.

**Cuarto.-** Resulta competente para resolver este expediente nesta fase de aprobación do mesmo a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo como órgano de contratación desta Administración Pública, segundo dispón a Disposición Adicional segunda (punto 4º) da LCSP 9/2017. Canto á motivación da resolución que aproba o expediente, a constancia da documentación acreditativa da necesidade e axuste a dereito da contratación abonda para cumprilo (STS 14/9/2012 e SSTC 146/1990, sobre motivación por remisión).

De xeito que atendendo ao anteriormente exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica municipal e da Intervención Xeral e da incorporación do documento contable, **proponse á Xunta de Goberno Local**, o seguinte Acordo:

- I. A aprobación do expediente de contratación numerado como 11999/111, de contratación dos servizos de procurador/a dos tribunais do Concello de Vigo no Partido Xudicial de Madrid e perante órganos xurisdicionais e especiais con sede nesa Cidade, coas características definidas nos pregos.
- II. A aprobación do Prego de prescricións técnicas do 25 de febreiro do 2019 redactado pola Asesoría Xurídica e o Prego de cláusulas administrativas particulares do 15 de marzo do 2019 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen neste expediente, para a contratación dos servizos de procurador/a dos tribunais do Concello de Vigo no Partido Xudicial de Madrid e perante órganos xurisdicionais e especiais con sede nesa Cidade.
- III. A autorización do gasto por importe de 8.895,22 € (4.447,61 € para a anualidade de 2019 e 4.447,61 € para a anualidade de 2020), sendo o importe correspondente ao IVE de 1.543,80 €, para a contratación dos servizos de procurador/a dos tribunais do Concello de Vigo no Partido Xudicial de Madrid e perante órganos xurisdicionais e especiais con sede nesa Cidade, con cargo á partida orzamentaria 9200 2260400 ("Gastos xudiciais e notariais").
- IV. A apertura do procedemento de contratación segundo os trámites recollidos na normativa actualmente en vigor.



## Concello de Vigo

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **4(286).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE MEDALLAS PARA O DESENVOLVEMENTO COMPLEMENTARIO DAS ACTUACIÓNS PROPIAS DO CONCELLO DE VIGO NA PROMOCIÓN DA PRÁCTICA DEPORTIVA NO ÁMBITO DO PROGRAMA MUNICIPAL “CALENDARIO DE EVENTOS DEPORTIVOS”. EXPTE. 17579/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10/04/19, dáse conta da proposta de data 09/04/19, da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

#### 10.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de medallas para o desenvolvemento complementario das actuacións propias do Concello de Vigo na promoción da práctica deportiva no ámbito do programa municipal “Calendario de eventos deportivos” (17.579-333)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de medallas para o desenvolvemento complementario das actuacións propias do Concello de Vigo na promoción da práctica deportiva no ámbito do programa municipal “Calendario de eventos deportivos” (17.579-333)

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 3 de abril de 2019, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de medallas para o desenvolvemento complementario das actuacións propias do Concello de Vigo na promoción da práctica deportiva no ámbito do programa municipal “Calendario de eventos deportivos” (17.579-333) na seguinte orde descendente:

<b>Orde</b>	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación</b>
1	CARLOS FERNÁNDEZ POL	99,25
2	EUROCEBRIÁN, S.L.	73,05
3	FUNDICIONES J.C. REGALOS, S.L.	70,91

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, D. CARLOS FERNÁNDEZ POL, para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP e no artigo 150.2 da LCSP que se relaciona a continuación, ao estar inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:

- Acreditación da constitución garantía definitiva.
- Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC”.

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, D. CARLOS FERNÁNDEZ POL, o día 4 de abril de 2019, que presenta a documentación requirida o 5 de abril, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 9 de abril de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e,





## Concello de Vigo

simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar D. CARLOS FERNÁNDEZ POL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade co disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta coa mellor relación calidade-prezo para a administración contratante é a formulada por D. CARLOS FERNÁNDEZ POL, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 13 e 29 de marzo de 2019, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a D. CARLOS FERNÁNDEZ POL o procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de medallas para o desenvolvemento complementario das actuacións propias do Concello de Vigo na promoción da práctica deportiva no ámbito do programa municipal “Calendario de eventos deportivos” (17.579-333) por un prezo total de 29.520,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.123,31 euros e coas seguintes condicións:

- a) Propón as seguintes baixas proporcionais para os prezos unitarios das medallas especificadas no PPT:
  - Medalla con personalización individual (55 mm diámetro): 57,50%
  - Medalla de calidade con personalización individual (65 mm diámetro): 36,00%
  - Medalla especial fundición de calidade para probas determinadas (65 diámetro): 46,50%
- b) Propón unha redución dos prazos máximos de entrega establecidos no PPT de medalla especial fundición de calidade para probas determinadas (65 diámetro) (prazo ordinario: 45 días, prazo urgente: 30 días):
  - Redución do prazo ordinario a 20 días

- Redución do prazo urxente a 20 días

Non reduce os prazos de entrega para medalla con personalización individual (55 mm diámetro) e medalla de calidade con personalización individual (65 mm diámetro).

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(287).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO CONTRATO PARA A XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA MEDIANTE INTEGRACIÓN ESCOLAR EN PERIODO LECTIVO NUN HIGH SCHOOL “VIGO EN INGLES 2019”. EXPTE. 6312/241.**

Dáse conta do informe-proposta de data 15/04/19 asinado pola xefa do Servizo de Contratación, a letrada-xefa de asesoramento en substitución da titular da Asesoría Xurídica, o concelleiro-delegado de Contratación, e polo interventor xeral, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPA)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto de servizos de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de



## Concello de Vigo

inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo “VIGO EN INGLÉS 2018” (PCAP)

- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto de servizos de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo “VIGO EN INGLÉS 2018” (PPT)

### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** En data 7 de setembro de 2017 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (en adiante a XGL) aprobou o expediente para a contratación de servizos de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo “VIGO EN INGLÉS 2018”, e acordou abrir a licitación.

**Segundo.-** En data 17 de xaneiro de 2018 de 2018, a XGL adxudicou o contrato a NEW LINK EDUCATION, S.L., por un prezo total de 1.704.465,00 euros, sendo o prezo unitario por alumno de 2.319,00 euros (IVE engadido en ambos casos) e un prazo de 2 anos.

**Terceiro.-** En data 4 de abril de 2019, NEW LINK EDUCATION, S.L., presentou no Rexistro Xeral deste Concello unha proposta de modificación do contrato, motivada polo incremento de solicitudes de alumnos para optar as becas no ano en curso, que supera o número de prazas ofertadas para esta anualidade.

**Cuarto.-** En data 4 de abril de 2019, o técnico do servizo de Educación responsable deste contrato informa sobre a conveniencia da modificación proposta e envía o expediente ao servizo de Contratación para a súa tramitación.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

#### Lexislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a este contrato. Os contratos se rexen, en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSPP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSPP.

-II-

### Da modificación dos contratos

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 210 TRLCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou nos casos e cos límites establecidos no artigo 107 (artigo 105 TRLCSP).

É dicir, a Lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analízalos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ao redactalas. Así evítanse conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigos 1 e 139 do TRLCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Pola contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 106 TRLCSP):

- Os supostos nos que poderá modificarse o contrato. Deberán definirse con total concreción por referencia a circunstancias cuxa concorrencia poida verificarse de forma obxectiva.
- As condicións da eventual modificación deberán precisarse cun detalle suficiente para permitir aos licitadores a súa valoración a efectos de formular a súa oferta e ser tomadas en conta no que se refire á esixencia de condicións de aptitude aos licitadores e valoración das ofertas.
- O alcance e límites das modificacións que poden acordarse con expresa indicación da porcentaxe do prezo do contrato ao que como máximo poidan afectar.
- O procedemento que teña que seguirse para a modificación.

Nesta liña, no caso que nos ocupa, o prego prevé a modificación do contrato cando concorran as seguintes circunstancias (apartado 16.C da FEC):

- Que a demanda de prazas para o programa supere o número de prazas ofertadas en cada convocatoria anual.

Se concorresen estas circunstancias, poderán modificarse os seguintes aspectos do contrato (apartado 16.B da FEC):



## Concello de Vigo

- Incremento do número total de alumnos/as beneficiarios/as.

Se ben se establece como límite que a modificación non poderá superar o 20% do prezo de adjudicación do contrato (apartado 16.D da FEC).

No PCAP fíxanse as seguintes especialidades no procedemento a seguir en caso de modificación:

- A modificación se acordará exclusivamente para a anualidade en curso, incrementando o número de alumnos/as desa edición anual e non nas restantes anualidades.

O técnico do servizo de Educación, no informe citado no antecedente cuarto, manifesta que *“no periodo habilitado ao efecto (do 21/01/2019 ao 01/02/2019) segundo acordo adoitado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 20/12/2018 que aprobou as “Bases e convocatoria 2019 para a adjudicación de prazas para a participación no programa de inmersión en lingua inglesa “Vigo en Inglés 2019” dirixidas ao alumnado de 3º da ESO de centros educativos de Vigo sostidos con fondos públicos” (expte 22843/332); recibíronse 1043 solicitudes e logo dunha baremación inicial provisional determinouse que sobre 960 solicitudes cumpren os requisitos da citada convocatoria, polo que tendo en conta a oferta inicial de 750 prazas quedaría determinada unha ampla lista de agarda de aprox 210 solicitantes”*.

-III-

### Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato

A potestade de modificación unilateral da Administración ou *ius variandi*, queda sometida a tres tipos de límites:

- Límites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigos 108.2 e 211.1 TRLCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 10 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 211.3.b TRLCSP). No caso de modificacións previstas no prego deberá seguirse o procedemento de modificación nel regulado.
- Límites materiais: os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.
- Límites económicos: a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, é preciso dar audiencia ao contratista, se ben non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia por canto o prezo primitivo do contrato é inferior a 6.000.000 euros e a modificación non afecta ao prezo primitivo do contrato.

Respecto dos límites materiais, a modificación obedece a unha razón de interese público incrementar as prazas de alumnos para promover a aprendizaxe e o perfeccionamento no uso da lingua inglesa do alumnado de secundaria matriculado en centros educativos de Vigo sostidos con fondos públicos, que se encadra nas competencias municipais relativas á promoción da cultura e promoción turística recollidas no artigos 25.2.m e h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 80.2.n da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia. E así xustifícase no informe do técnico do servizo de Educación, de data 4 de abril de 2019, que di que:

- *“Nun mundo globalizado como o actual, está fóra de toda dúbida a vital importancia da formación en idiomas estranxeiros, sendo a competencia en lingua inglesa do alumnado vigués manifestamente mellorable. O programa municipal “Vigo en Inglés 2019” mellora o coñecemento e a práctica da lingua inglesa da poboación estudiantil de Vigo, constituíndo un valor engadido e factor determinante no futuro acceso ao mercado laboral, porque incide claramente na maior cualificación e formación deste alumnado para facer fronte aos retos da sociedade global. É dicir, prepara aos nosos estudantes para os desafíos dunha mobilidade internacional no mercado de traballo, satisfacendo a necesidade dunha sociedade plurilingüe e tentando evitar os perigos que pudiera ocasionar a marxinación daquel alumnado que non posúa as destrezas necesarias para ter a maior fluidez, manexo e dominio da lingua inglesa. Esta acción municipal permite mellorar significativamente a aprendizaxe e competencia en lingua inglesa do alumnado da nosa cidade, ao favorecer a súa integración completa nun ámbito internacional (High School, familia de acollida inglesa e localidade de fala inglesa) durante unha estadía prolongada, sendo este tempo de exposición do alumno/a á lingua inglesa un medio ideal para a súa aprendizaxe práctica en contextos reais 24 horas ao día, perfeccionando as habilidades comunicativas de comprensión e expresión oral na lingua inglesa. En consecuencia estas estadias lingüísticas de 3 semanas previstas en Reino Unido e/ou Irlanda no marco do programa municipal “VIGO EN INGLÉS 2019”, posúen un gran valor formativo e resultan un complemento idóneo para conseguir unha maior fluidez na lingua inglesa e potenciar a capacidade comunicativa na mesma.*
- *Para o alumnado vigués participante esta mellora da competencia en lingua inglesa, facilita o acceso a posteriores estudos universitarios en campus europeos e posibilita máis saídas profesionais, especialmente en empregos con proxección internacional.*
- *Con esta iniciativa formativo-lingüística municipal, o Concello de Vigo promove un conxunto de medidas a prol da inmersión lingüística e o dominio da lingua inglesa no alumnado da nosa cidade, que concorda coas recomendacións do Consello de Europa en materia de linguas; dado que o coñecemento dun idioma distinto ao do propio contribúe de forma esencial á formación integral do alumnado, e a súa aprendizaxe se ten convertido nun obxectivo fundamental, tanto porque favorece a libre circulación e a comunicación como por esixencias do mercado de traballo. Ata tal punto é así que a Lei Orgánica 8/2013 do 9 de decembro para a mellora da calidade educativa LOMCE (BOE nº 295 do 10/12/2013), que modifica a Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio de Educación (LOE), no seu preámbulo XII indica que o dominio dunha 2ª ou incluso 3ª lingua estranxeira se amosa como unha das principais carencias do noso sistema educativo, polo que propón a adquisición dunha*



## Concello de Vigo

*competencia plurilingue, redobrando esforzos para que o alumnado se desenvolva con fluidez nunha primeira lingua estranxeira, cuxo nivel de comprensión oral e lectora e de expresión oral e escrita vai a resultar decisivo para a súa futura inmersión laboral nunha sociedade globalizada.*

- *O programa “Vigo en Inglés 2019” estimula no alumnado participante unha educación plurilingue e intercultural, mediante a inmersión e práctica da lingua inglesa e a súa utilización en entornos comunicativos reais, sendo esta formación lingüística complementada con actividades non so académicas, senon de índole cultural, deportivo, tempo libre, obradoiros, coñecemento aspectos socioculturais... cuxa finalidade é promover a convivencia e comunicación co alumnado inglés. Polo tanto, comunicación práctica, integración e interculturalidade son aspectos básicos que promove este programa municipal, que sen dúbida algunha facilitará a construción e desenvolvemento colectivo dunha sociedade mais xusta e equitativa que evoluciona e progresa na igualdade de oportunidades e respecto e comprensión doutras culturas.*

*Consonte a este marco de responsabilidade competencial obrigatorio e propio das Entidades Locais citado anteriormente, é vontade expresa do Concello de Vigo en función das políticas de promoción cultural e de ocupación do tempo libre que o goberno local considera apropiadas e, conforme ás súas prioridades programáticas; promover unha nova edición do programa municipal de inmersión en lingua inglesa mediante integración escolar en periodo lectivo nun High School (VIGO EN INGLÉS 2019), que nas súas edicións anteriores ten acadado excelentes resultados de satisfacción e ten permitido mellorar a capacitación en lingua inglesa do alumnado vigués.*

*Elo ten permitido converter aos alumnos/as beneficiarios/as de 4º da ESO dos centros educativos sostidos con fondos públicos do Concello de Vigo, ao entrar e contacto con outras culturas e realidades sociais no seu tempo libre, en verdadeiros promotores e embaixadores da identidade cultural e turística da cidade de Vigo. Para elo, toda a equipa de monitores e alumnos/as participantes no programa “VIGO EN INGLÉS 2019” estarán uniformados con camisetas alusivas á promoción cultural da cidade de Vigo que utilizarán no desenvolvemento do programa formativo nas localidades de inmersión e integración lingüística, e achegarán ao persoal educativo dos Highs Schools, ás familias de acollida en destino e autoridades locais, distinto soporte documental específico (posters, folletos, dípticos culturais e turísticos da cidade de Vigo).*

*Neste senso, e seguindo instrucións da Concelleira de Educación, tramítase o presente expte para a modificación do actual contrato en vigor de “Vigo en Inglés 2019” (expte. 19872-332) que implica un incremento económico dun 10% sobre o prezo do contrato (1.704.465.-€ X 2 anos contrato = 3.408.930.-€), é dicir de 340.893.-€ e o aumento na oferta da convocatoria de 147 beneficiarios/as máis (147 x 2.319,00.-€ custo/alumno) , todo elo coa finalidade de tentar dar resposta á considerable demanda que está a ter esta iniciativa didáctica municipal na actual edición de 2019.*

*Cómpre indicar que no periodo habilitado ao efecto (do 21/01/2019 ao 01/02/2019) segundo acordo adoitado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 20/12/2018 que aprobou as “Bases e convocatoria 2019 para a adxudicación de prazas para a participación no programa de inmersión en lingua inglesa “Vigo en Inglés 2019” dirixidas ao alumnado de 3º da ESO de centros educativos de Vigo sostidos con fondos públicos” (expte 22843/332); recibíronse 1043 solicitudes e logo dunha baremación inicial provisional determinouse que sobre 960 solicitudes cumpren os requisitos da citada convocatoria, polo que tendo en conta a oferta inicial de 750 prazas quedaría determinada unha ampla lista de agarda de aprox 210 solicitantes.*

*Por outra banda, tamén cómpre suliñar que aprobouse a modificación orzamentaria 23/19 contida no expte administrativo nº 23098-332 para a transferencia de crédito de 281.358.-€ da partida 3230.622.00.05 “Cubrición patios colexios” á partida 3260.227.99.17 “Programa Educativo Aulas Internacionais”, partida esta última que xa presentaba un saldo positivo de 59.535.-€, e polo tanto neste intre ten un saldo de 340.893.-€, suficiente para atender a indicada modificación do contrato.*

*Este incremento de gastos na partida de Aulas Internacionais é explícitamente para tentar atender á importante demanda que se produciu no programa “Vigo en Inglés 2019” que determina unhas elevadas listaxes de agarda de solicitantes de alumnado da rede pública e rede concertada, e para tentar paliar este aspecto, aumentar en 147 prazas o número de prazas dispoñibles no citado programa municipal para esta edición 2019.*

*En todo caso prevése, ao igual que na anterior edición, que o número de renuncias voluntarias no programa sexa o suficientemente importante e significativo, para esgotar a lista de agarda e garantir o desfrute da praza de todo aquel alumnado solicitante que cumpra os requisitos da convocatoria”.*

Respecto dos límites económicos, é preciso compensar ao contratista respecto da alteración económica que lle supón a modificación. Tal e como se desprende do citado informe, a modificación que nos ocupa “*implica un incremento económico dun 10% sobre o prezo do contrato (1.704.465.-€ X 2 anos contrato = 3.408.930.-€), é dicir de 340.893.-€ e o aumento na oferta da convocatoria de 147 beneficiarios/as máis (147 x 2.319,00.-€ custo/alumno)*”.

Así mesmo, o artigo 234.3.b do TRLCSP prevé para a modificación dos contratos de obras dous trámites preceptivos: a audiencia do contratista e do redactor do proxecto, ambos por prazo mínimo de tres días.

No resulta necesario evacuar trámite de audiencia ao contratista, por canto o mesmo presentou, a instancia do responsable do contrato, unha memoria da modificación, en data 4 de abril de 2019, da que se infire a súa conformidade coa mesma.

Unha vez analizado que a presente modificación cumpre cos presupostos e requisitos esixibles pola normativa contractual e que realizáronse todos os trámites preceptivos, procede formular proposta de aprobación da mesma ao órgano de contratación.





**Concello de Vigo**

**-IV-**

**Do reaxuste da garantía definitiva**

O TRLCSP regula no seu Título IV o Réxime de garantías esixibles na contratación do sector público. Unicamente é preceptiva a esixencia de garantía definitiva.

Esta garantía esexese aos que presenten as ofertas economicamente máis vantaxosas nas licitacións dos contratos que celebren as Administracións Públicas. A súa contía é dun 5 por 100 do importe de adxudicación do contrato, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido (artigo 95.1 do TRLCSP).

A súa constitución é requisito imprescindible para que se poida adxudicar o contrato ao licitador primeiro clasificado.

Co obxecto de manter a integridade da garantía definitiva, se prevé a súa reposición e reaxuste nos seguintes casos:

- No caso de que se fagan efectivas sobre a garantía as penalidades ou indemnizacións esixibles ó adxudicatario (artigo 99.2 do TRLCSP).
- Cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o prezo do mesmo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado (artigo 99.3 do TRLCSP).

O artigo 99.3 do TRLCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. No caso que nos ocupa é preciso que o contratista reaxuste a garantía con carácter previo á formalización do contrato importe de 17.044,65 €.

**-V-**

**Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación**

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do ius variandi, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ó que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, o ser un municipio de gran poboación rexido polo Título X LBRL, hai que entendelas feitas ó titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 8ª apartado e do TRLCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas ós secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

A resolución administrativa ditada en exercicio da potestade administrativa de modificación terá que ser motivada (artigo 54.1.a LRJAP) e será precisa a súa formalización.

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigos 211.4 TRLCSP e 114.3 TRRL).

-VI-

### Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

### ACORDO:

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

*“1º.- Modificar o contrato para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar en periodo lectivo nun High School “VIGO EN INGLES 2019” (expte. 19872-332), adxudicado á empresa “Newlink Education, S.L”, por acordo da Xunta de Goberno Local de data 17 de xaneiro de 2018, polo incremento de 147 prazas no programa que pasarán de 750 a 897 alumnos beneficiarios/as; conforme ao proxecto técnico revisado presentado pola empresa adxudicataria “Newlink Education, S.L” que obra no expediente.*

*2º.-Autorizar o incremento de gasto do contrato “Vigo en Inglés 2019” (expte 19872-332) en 340.893,00.-€, con cargo á partida 3260.227.99.17 do vixente presuposto “Programa Educativo Aulas Internacionais”, sendo o prezo total actualizado do contrato para 2019 de 2.045.358,00.-€*

*3º.- Previamente á formalización da modificación do contrato, “Newlink Education, S.L” deberá reaxustar a garantía definitiva polo importe de 17.044,65.-€ (correspondente ao 5% do valor do incremento da modificación do contrato).*

*4º.- Formalizar por escrito a presente modificación.”*

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## Concello de Vigo

### 6(288).- CLASIFICACIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE OBRAS DO PROXECTO DE “RENOVACIÓN DO AGLOMERADO NA AVDA. ARQUITECTO ANTONIO PALACIOS”. EXPTE. 271/441.

Dáse conta da proposta da Mesa de Contratación de data 11/04/19, que di o seguinte:

#### 9.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de “Renovación do aglomerado na avenida Arquitecto Palacios” (271-441)

Á vista das actuacións e acordos desta Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de “Renovación do aglomerado na avenida Arquitecto Palacios” (271-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Prezo ofertado
1	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	486.143,37 €
2	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	505.915,52 €
3	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	512.600,15 €
4	OBRAS CAMINOS Y ASFALTOS, S.A.	513.796,34 €
5	MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SOCIEDAD LIMITADA	520.576,39 €
6	MISTURAS OBRAS E PROYECTOS, S.A.	523.435,11 €
7	OBRAS PAVIMENTOS E INSTALACIONES INDUSTRIALES, S.L.	530.824,37 €
8	NAROM, S.L.	538.423,66 €
9	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.	538.916,21 €
10	ASFALGAL TECNICOS VIARIAS, S.L.	554.325,87 €
11	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	573.535,19 €

12	HORDESCON, S.L.	580.993,75 €
13	ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A.	631.065,29 €
14	CIVIS GLOBAL, S.L.	632.570,41 €
15	NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	685.132,14 €

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **7(289).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ASOCIACIÓN DEPORTIVA CARBALLAL PARA O PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE DA TEMPADA 2018-2019. EXPTE. 18177/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 20/03/19 e o informe de fiscalización do 05/04/19, dáse conta do informe-proposta de data 06/03/19, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director-deportivo, o concelleiro-delegado de Deportes, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 20.000,00 € prevista na partida orzamentaria 3410.480.00.03 a favor da Asociación Deportiva Carballal polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2018/2019.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade



## Concello de Vigo

de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadanas.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas primeiras categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva Asociación Deportiva Carballal conta cun equipo de elite na modalidade de balonmán na categoría División de Honor Prata Feminino. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría División de Honor Prata Feminino hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2017/2018, que impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade Asociación Deportiva Carballal e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinerxias no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade hacia os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de elite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal proponse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade Asociación Deportiva Carballal para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.



## Concello de Vigo

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o 2019, na partida orzamentaria 3410.480.00.03, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade Asociación Deportiva Carballal durante a tempada deportiva 2018/2019, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2019.

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO:** Aprobar a concesión directa dunha subvención a Asociación Deportiva Carballal para o proxecto xeral de actividade na tempada deportiva 2018/2019 e aprobar o texto do convenio que a regula.

**SEGUNDO:** Autorizar e dispoñer o gasto de 20.000,00 €. a favor da entidade Asociación Deportiva Carballal co CIF: G-36686376 e enderezo social no Lugar de Carballal-Cabral s/n 36318, en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 18177-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.480.00.03 do vixente orzamento.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DEPORTIVA CARBALLAL EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2018/2019 (EXPTE. 18177/333).

Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_ de \_\_\_\_\_ de dous mil dezanove.

### **REUNIDOS**

Dunha parte, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, que actúa no nome e representación do Concello de Vigo, en virtude da súa condición de Alcalde-Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no artigo 61.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

Doutra, D. José Barciela Cabaleiro como presidente da entidade Asociación Deportiva Carballal CIF: G-36686376 e enderezo social no lugar de Carballal-Cabral s/n 36318, en Vigo e na representación

da mesma, segundo resulta nos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 18177/333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

## **MANIFESTAN**

I.-O obxecto de este convenio é colaborar no desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade Asociación Deportiva Carballal durante a tempada 2018-2019. A entidade conta cun equipo de élite que participa na categoría División de Honor Prata Feminino desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A Asociación Deportiva Carballal desenvolve o proxecto do equipo de élite durante a tempada 2018/2019.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.

Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a Asociación Deportiva Carballal impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Balonmán en etapas de formación, contribuíndo ademáis a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.480.00.03, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 20.000,00€, a favor da Asociación Deportiva Carballal.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as





## Concello de Vigo

subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto xeral da Asociación Deportiva Carballal na tempada deportiva 2018/2019.

**VI.-** Que a Asociación Deportiva Carballal non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 18177-333.

**VII.-** Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e a Asociación Deportiva Carballal conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

### **PACTOS**

**Primeiro.-** A Asociación Deportiva Carballal comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de élite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Balonmán na tempada 2018/2019.

3º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.

4º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

- A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro x 4 metros de lonxitude cada unha.
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción, en todas as viaxes a para a realización de competicións oficiais federadas, participacions en torneos ou en xornadas orientadas ó fútbol base.

6º Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, etc...

7º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.- Que en todas as comunicacións, informacions de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos de equipos de fútbol base, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

9º.-Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información plantexados polo Concello de Vigo.

10º.-Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa Asociación Deportiva Carballal na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da Asociación Deportiva Carballal (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á Asociación Deportiva Carballal unha subvención por importe de 20.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.480.00.03 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadruar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2018/2019. A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á



## Concello de Vigo

sinatura do convenio mediante transferencia bancaria ó número de conta facilitado pola entidade beneficiaria.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2018/2019, coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Sexto.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

**Sétimo.-** A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2019 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ..... euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitrxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitrxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc..) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

**Oitavo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

**Noveno.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2018/2019. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.



## Concello de Vigo

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que por as súas especiais características non exista no mercado suficientes.

**Décimo.-** A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo primeiro.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo segundo.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo terceiro.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

**Décimo cuarto.-** A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de Novembro de 2019, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

**Décimo quinto.-** A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

**Décimo sexto-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

**Décimo sétimo-** Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

### **8(290).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ENTIDADE CLUBE RÁPIDO DE BOUZAS PARA O PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE DA TEMPADA 2018-2019. EXPTE. 18157/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 20/03/19 e o informe de fiscalización do 05/04/19, dáse conta do informe-proposta de data 06/03/19, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo, o concelleiro-delegado de Deportes, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 75.000,00 € prevista na partida orzamentaria 3410.489.00.06 a favor da entidade Clube Rápido de Bouzas polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2018/2019.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadanas.



## Concello de Vigo

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas primeiras categorías dos diversos deportes, atopamos que o Clube Rápido de Bouzas conta cun equipo de elite na modalidade de Fútbol na categoría 2ª B de ámbito nacional. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría 2ªB hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2018/2019, que impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade Clube Rápido de Bouzas e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinerxias no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade hacia os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de elite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendimento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendimento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.

- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o Clube Rápido de Bouzas para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a*





## Concello de Vigo

*convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”.*

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o 2019, na partida orzamentaria 3410.489.00.06, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta polo Clube Rápido de Bouzas durante a tempada deportiva 2018/2019, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2019.

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO:** Aprobar a concesión directa dunha subvención a o Clube Rápido de Bouzas para o proxecto xeral de actividade na tempada deportiva 2018/2019 e aprobar o texto do convenio que a regula.

**SEGUNDO:** Autorizar e dispoñer o gasto de 75.000,00 € a favor Clube Rápido de Bouzas co CIF: G-36711513 e enderezo social no campo Municipal de Bouzas Baltasar Pujales no apartado de correo 2057 e código postal 36208, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 18157-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.06 do vixente orzamento.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CLUB RÁPIDO DE BOUZAS EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2018/2019 (EXPTE. 18157/333).

Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de dous mil dezanove.

### **REUNIDOS**

Dunha parte, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, que actúa no nome e representación do Concello de vigo, en virtude da súa condición de Alcalde-Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no

artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no artigo 61.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

Doutra, D. Manuel Pedro Seoane Cordal como presidente da entidade Clube Rápido de Bouzas con CIF nº G-36711513 e enderezo social no campo Municipal de Bouzas Baltasar Pujales no apartado de correo 2057 e código postal 36208, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 18157-333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

## **MANIFESTAN**

I.-O obxecto de este convenio é colaborar no desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade Clube Rápido de Bouzas durante a tempada 2018-2019. A entidade conta cun equipo de élite que participa na categoría Segunda División B desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

O Clube Rápido de Bouzas desenvolve o proxecto do equipo de élite durante a tempada 2018/2019.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.

Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que o Clube Rápido de Bouzas impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do fútbol en etapas de formación, contribuíndo ademáis a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.



## Concello de Vigo

- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

**IV.-** Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489,00,06 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 75,000,00 €, a favor do Clube Rápido de Bouzas.

**V.-** Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto xeral do Clube Rápido de Bouzas na tempada deportiva 2018/2019.

**VI.-** Que o Clube Rápido de Bouzas non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 18157-333.

**VII.-** Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o Clube Rápido de Bouzas conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

### **PACTOS**

**Primeiro.-** O Clube Rápido de Bouzas comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltois dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de fútbol na tempada 2018/2019.

3º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.

4º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

- A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro x 4 metros de lonxitude cada unha.
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción, en todas as viaxes a para a realización de competicións oficiais federadas, participacions en torneos ou en xornadas orientadas ó fútbol base.

6º Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, etc...

7º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.- Que en todas as comunicacións, informacions de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos de equipos de fútbol base, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

9º.-Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información plantexados polo Concello de Vigo.

10º-Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar co Clube Rápido de Bouzas na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.



## Concello de Vigo

2º.- Facilitar os médios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción do Clube Rápido de Bouzas (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade Clube Rápido de Bouzas unha subvención por importe de 75.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.06 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2018/2019. A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio mediante transferencia bancaria ó número de conta facilitado pola entidade beneficiaria.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2018/2019, coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Sexto.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

**Sétimo.-** A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2019 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ..... euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitrxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitrxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc..) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal



## Concello de Vigo

estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

**Oitavo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

**Noveno.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2018/2019. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que por as súas especiais características non exista no mercado suficientes.

**Décimo.-** A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo primeiro.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo segundo.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo terceiro.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

**Décimo cuarto.-** A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de Novembro de 2019, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

**Décimo quinto.-** A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

**Décimo sexto-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

**Décimo sétimo-** Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencions para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de 2019.





## Concello de Vigo

### **9(291).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ENTIDADE UNIÓN BALONMÁN LAVADORES PARA O PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE DA TEMPADA 2018-2019. EXPTE. 18176/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 21/03/19 e o informe de fiscalización do 09/04/19, dáse conta do informe-proposta de data 06/03/19, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo, o concelleiro-delegado de Deportes, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 25.000,00 € prevista na partida orzamentaria 3410.489.00.08 a favor da entidade Unión Balonmán Lavadores polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2018/2019.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadanas.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas primeiras categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva Unión Balonmán Lavadores conta cun equipo de elite na modalidade de Balonmán na categoría División de Honor Prata feminina. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xá que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría División de Honor Prata feminina hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2018/2019, que impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade Unión Balonmán Lavadores e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinerxias no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade hacia os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de elite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos



## Concello de Vigo

proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade Unión Balonmán Lavadores para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o 2019, na partida orzamentaria 3410.489.00.08, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade Unión Balonmán Lavadores durante a tempada deportiva 2018/2019, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2019.

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO:** Aprobar a concesión directa dunha subvención a entidade deportiva Unión Balonmán Lavadores para o proxecto xeral de actividade na tempada deportiva 2018/2019 e aprobar o texto do convenio que a regula.

**SEGUNDO:** Autorizar e dispoñer o gasto de 25.000,00 € a favor da entidade Unión Balonmán Lavadores co CIF: G-36810075 e enderezo social na enderezo social na rúa Pino 56 1ªA, en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 18176-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.08 do vixente orzamento.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE UNIÓN BALONMÁN LAVADORES EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2018/2019 (EXPTE. 18176/333).

Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de dous mil dezanove.

### **REUNIDOS**

Dunha parte, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, que actúa no nome e representación do Concello de Vigo, en virtude da súa condición de Alcalde-Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no artigo 61.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

Doutra, D. Iván Pérez Souza como presidente da entidade Unión Balonmán Lavadores CIF nº G-36810075 e enderezo social na rúa Pino 56 1ªA, en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 18176-333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio



## Concello de Vigo

### MANIFESTAN

I.-O obxecto de este convenio é colaborar no desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade Unión Balonmán Lavadores durante a tempada 2018-2019. A entidade conta cun equipo de élite que participa na categoría División de Honor Prata feminino desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade Unión Balonmán Lavadores desenvolve o proxecto do equipo de élite durante a tempada 2018/2019.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.

Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade Unión Balonmán Lavadores impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Balonmán en etapas de formación, contribuíndo ademáis a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.08 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 25.000,00 €, a favor da entidade deportiva Unión Balonmán Lavadores.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita

subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto xeral da entidade Unión Balonmán Lavadores na tempada deportiva 2018/2019.

**VI.-** Que a entidade Unión Balonmán Lavadores non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 18176-333.

**VII.-** Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o Unión Balonmán Lavadores conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

## **PACTOS**

**Primeiro.-** A entidade Unión Balonmán Lavadores comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Balonmán na tempada 2018/2019.

3º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

- A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.



## Concello de Vigo

- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro x 4 metros de lonxitude cada unha.
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción, en todas as viaxes a para a realización de competicións oficiais federadas, participacions en torneos ou en xornadas orientadas ó fútbol base.

6º Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, etc...

7º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.- Que en todas as comunicacións, informacions de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos de equipos de fútbol base, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

9º.-Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información plantexados polo Concello de Vigo.

10º-Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Unión Balonmán Lavadores na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Unión Balonmán Lavadores (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade Unión Balonmán Lavadores unha subvención por importe de 25.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.08 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2018/2019. A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio mediante transferencia bancaria ó número de conta facilitado pola entidade beneficiaria.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva

en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2018/2019, coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Sexto.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

**Sétimo.-** A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2019 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ..... euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas





## Concello de Vigo

fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

**Oitavo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

**Noveno.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2018/2019. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que por as súas especiais características non exista no mercado suficientes.

**Décimo.-** A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas

aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo primeiro.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo segundo.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo terceiro.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

**Décimo cuarto.-** A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de Novembro de 2019, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

**Décimo quinto.-** A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

**Décimo sexto.-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.



## Concello de Vigo

**Décimo séptimo-** Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de 2019.

### **10(292).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ENTIDADE SCD ATLÁNTIDA MATAMÁ PARA O PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE DA TEMPADA 2018-2019. EXPTE. 18175/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 21/03/19 e o informe de fiscalización do 09/04/19, dáse conta do informe-proposta de data 06/03/19, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo, o concelleiro-delegado de Deportes, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 20.000,00 € prevista na partida orzamentaria 3410.480.00.02 a favor da entidade SCD Atlántida Matamá polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2018/2019.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadanas.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas primeiras categorías dos diversos deportes, atopamos que a SCD Atlántida Matamá conta cun equipo de elite na modalidade de Fútbol Feminino na categoría Segunda División Nacional. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xá que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na Segunda División Nacional Feminina hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2018/2019, que impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade SCD Atlántida Matamá e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinerxias no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade hacia os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de elite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas vigueses e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover*



## Concello de Vigo

*actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..” e que “...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”.*

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade SCD Atlántida Matamá para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”.*

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o 2019, na partida orzamentaria 3410.480.00.02, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade SCD Atlántida Matamá durante a tempada deportiva 2018/2019, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2019.

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO:** Aprobar a concesión directa dunha subvención a entidade deportiva SCD Atlántida Matamá para o proxecto xeral de actividade na tempada deportiva 2018/2019 e aprobar o texto do convenio que a regula.

**SEGUNDO:** Autorizar e dispoñer o gasto de 20.000,00 € a favor da entidade SCD Atlántida Matamá co CIF: G-36620854 e enderezo social na rúa Canteiros, 53, en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 18175-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.480.00.02 do vixente orzamento.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CLUB SCD ATLÁNTIDA DE MATAMÁ EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2018/2019 (EXPTE. 18175/333).

Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de dous mil dezanove.

### **REUNIDOS**

Dunha parte, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, que actúa no nome e representación do Concello de vigo, en virtude da súa condición de Alcalde-Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no artigo 61.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

Doutra, Don Cesar Casas Gonzalez como presidente da entidade S.C.D. Atlántida Matamá CIF: G-36620854 e enderezo social na rúa Canteiros 53 en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 18175-333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio



## Concello de Vigo

### MANIFESTAN

I.-O obxecto de este convenio é colaborar no desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade S.C.D. Atlántida Matamá durante a tempada 2018-2019. A entidade conta cun equipo de élite que participa na categoría Segunda División nacional Feminina desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade SCD Atlántida Matamá desenvolve o proxecto do equipo de élite durante a tempada 2018/2019.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.

Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade SCD Atlántida Matamá impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do fútbol en etapas de formación, contribuíndo ademáis a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.480.00.02 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 20.000,00€, a favor da entidade deportiva SCD Atlántida Matamá

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os

intervintes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto xeral da entidade SCD Atlántida Matamá na tempada deportiva 2018/2019.

**VI.-** Que a entidade SCD Atlántida Matamá non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 18175-333.

**VII.-** Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e SCD Atlántida Matamá conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

## **PACTOS**

**Primeiro.-** A SCD Atlántida Matamá comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de élite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Fútbol na tempada 2018/2019.

3º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.

4º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

- A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.





## Concello de Vigo

- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro x 4 metros de lonxitude cada unha.
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción, en todas as viaxes a para a realización de competicións oficiais federadas, participacions en torneos ou en xornadas orientadas ó fútbol base.

6º Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, etc...

7º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.- Que en todas as comunicacións, informacions de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos de equipos de fútbol base, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

9º.-Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información plantexados polo Concello de Vigo.

10º-Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade SCD Atlántida Matamá na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade SCD Atlántida Matamá (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade SCD Atlántida Matamá unha subvención por importe de 20.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.480.00.02 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2018/2019. A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio mediante transferencia bancaria ó número de conta facilitado pola entidade beneficiaria.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2018/2019, coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Sexto.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

**Sétimo.-** A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2019 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ..... euros.



## Concello de Vigo

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.
- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitrxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitrxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.
- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

**Oitavo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

**Noveno.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2018/2019. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os "gastos financeiros" da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que por as súas especiais características non exista no mercado suficientes.

**Décimo.-** A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo primeiro.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo segundo.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo terceiro.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

**Décimo cuarto.-** A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de Novembro de 2019, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

**Décimo quinto.-** A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

**Décimo sexto-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei



## Concello de Vigo

38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

**Décimo séptimo-** Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencions para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de 2019.

### **11(293).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ENTIDADE CLUBE DEPORTIVO BOSCO PARA O PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE DA TEMPADA 2018-2019. EXPTE. 18173/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 21/03/19 e o informe de fiscalización do 09/04/19, dáse conta do informe-proposta de data 06/03/19, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo, o concelleiro-delegado de Deportes, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 84.500,00€ prevista na partida orzamentaria 3410.489.00.05 a favor da entidade Clube Deportivo Bosco polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2018/2019.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadanas.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas primeiras categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva Clube Deportivo Bosco conta cun equipo de elite na modalidade de Baloncesto na categoría Liga Feminina 2. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría Liga Feminina 2 hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2017/2018, que impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade Clube Deportivo Bosco e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinerxias no ámbito social, do cal destacamos:

- O interés xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade hacia os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de elite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.



## Concello de Vigo

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade Clube Deportivo Bosco para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o 2019, na partida orzamentaria 3410.489.00.05, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade Clube Deportivo Bosco durante a tempada deportiva 2018/2019, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2019.

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO:** Aprobar a concesión directa dunha subvención a entidade deportiva Clube Deportivo Bosco para o proxecto xeral de actividade na tempada deportiva 2018/2019 e aprobar o texto do convenio que a regula.

**SEGUNDO:** Autorizar e dispoñer o gasto de 84.500,00€ a favor da entidade Clube Deportivo Bosco co CIF: G-36692317 e enderezo social na Ronda Don Bosco 33 bjo, en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 18173-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.05 do vixente orzamento.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CLUB CLUBE DEPORTIVO BOSCO EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2018/2019 (EXPTE. 18173/333).

Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de dous mil dezanove.

### **REUNIDOS**

Dunha parte, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, que actúa no nome e representación do Concello de Vigo, en virtude da súa condición de Alcalde-Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no artigo 61.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

Doutra, D. Juan Carlos Álvarez Pacios como presidente da entidade Clube Deportivo Bosco CIF: G-36692317 e enderezo social na Ronda Don Bosco 33-bjo en Vigo e na representación da mesma,





## Concello de Vigo

segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 18173/333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

### **MANIFESTAN**

I.-O obxecto de este convenio é colaborar no desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade Clube Deportivo Bosco durante a tempada 2018-2019. Que a entidade conta cun equipo de élite que participa na categoría Liga Feminina 2 desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade Clube Deportivo Bosco desenvolve o proxecto do equipo de élite durante a tempada 2018/2019.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.

Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade Clube Deportivo Bosco impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Baloncesto en etapas de formación, contribuíndo ademáis a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

**IV.-** Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.05, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 84,500,00 €, a favor da entidade deportiva Clube Deportivo Bosco.

**V.-** Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervintes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto xeral da entidade Clube Deportivo Bosco na tempada deportiva 2018/2019.

**VI.-** Que a entidade Clube Deportivo Bosco non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 18173-333.

**VII.-** Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o Clube Deportivo Bosco conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

## **PACTOS**

**Primeiro.-** A entidade Clube Deportivo Bosco comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de élite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Baloncesto na tempada 2018/2019.

3º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.

4º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.



## Concello de Vigo

5º-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

- A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro x 4 metros de lonxitude cada unha.
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción, en todas as viaxes a para a realización de competicións oficiais federadas, participacións en torneos ou en xornadas orientadas ó fútbol base.

6º Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, etc...

7º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.- Que en todas as comunicacións, informacions de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos de equipos de fútbol base, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

9º.-Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información plantexados polo Concello de Vigo.

10º-Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Clube Deportivo Bosco na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Clube Deportivo Bosco (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade Clube Deportivo Bosco unha subvención por importe de 84.500,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.05 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2018/2019. A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio mediante transferencia bancaria ó número de conta facilitado pola entidade beneficiaria.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2018/2019, coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Sexto.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

**Sétimo.-** A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2019 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ..... euros.



## Concello de Vigo

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitrxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitrxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

**Oitavo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

**Noveno.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2018/2019. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os "gastos financeiros" da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que por as súas especiais características non exista no mercado suficientes.

**Décimo.-** A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo primeiro.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo segundo.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo terceiro.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

**Décimo cuarto.-** A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de Novembro de 2019, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

**Décimo quinto.-** A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

**Décimo sexto.-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.



## Concello de Vigo

**Décimo séptimo-** Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de 2019.

### **12(294).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ENTIDADE CLUBE XUVENIL TEIS PARA O PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE DA TEMPADA 2018-2019. EXPTE. 18172/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 20/03/19 e o informe de fiscalización do 09/04/19, dáse conta do informe-proposta de data 06/03/19, asinado polo xefe do Servizo de Deportes director-deportivo, o concelleiro-delegado de Deportes, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 30.000,00 € prevista na partida orzamentaria 3410.489.00.11 a favor da entidade Clube Deportivo Xuvenil Teis polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2018/2019.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadanas.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas primeiras categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva C.D. Xuvenil de Teis conta cun equipo de elite na modalidade de Voleibol na categoría SuperLiga Feminina 2. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría SuperLiga Feminina 2 hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2018/2019, que impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade C.D. Xuvenil de Teis e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinerxias no ámbito social, do cal destacamos:

- O interés xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade hacia os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de elite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas vigueses e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.





## Concello de Vigo

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade C.D. Xuvenil de Teis para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o 2019, na partida orzamentaria 3410.489.00.11, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade C.D. Xuvenil de Teis durante a tempada deportiva 2018/2019, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2019.

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO:** Aprobar a concesión directa dunha subvención a entidade deportiva C.D. Xuvenil de Teis para o proxecto xeral de actividade na tempada deportiva 2018/2019 e aprobar o texto do convenio que a regula.

**SEGUNDO:** Autorizar e dispoñer o gasto de 30.000,00€. a favor da entidade C.D. Xuvenil de Teis co CIF: G-36713493 e enderezo social na rúa Núñez de Balboa, 12, en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 18172-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.11 do vixente orzamento.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CLUB DEPORTIVO XUVENIL TEIS EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2018/2019 (EXPTE. 18172/333).

Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_ de \_\_\_\_\_ de dous mil dezanove.

### **REUNIDOS**

Dunha parte, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, que actúa no nome e representación do Concello de Vigo, en virtude da súa condición de Alcalde-Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no artigo 61.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.



## Concello de Vigo

Doutra, Dona Ruth Calvo Ferrer como presidenta da entidade C.D.Xuvenil de Teis con CIF: G-36713493 e enderezo social na rúa Núñez de Balboa,12 en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 18172/333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

### MANIFESTAN

I.-O obxecto de este convenio é colaborar no desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade C.D.Xuvenil de Teis durante a tempada 2018-2019. A entidade conta cun equipo de élite que participa na categoría SuperLiga Feminina 2 desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade C.D. Xuvenil de Teis desenvolve o proxecto do equipo de élite durante a tempada 2018/2019.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.

Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade C.D. Xuvenil de Teis impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Voleibol en etapas de formación, contribuíndo ademáis a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.

- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

**IV.-** Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.11 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 30.000,00 €, a favor da entidade deportiva C.D. Xuvenil de Teis.

**V.-** Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto xeral da entidade C.D. Xuvenil de Teis na tempada deportiva 2018/2019.

**VI.-** Que a entidade C.D. Xuvenil de Teis non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 18172-333.

**VII.-** Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o C.D. Xuvenil de Teis conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

## **PACTOS**

**Primeiro.-** O C.D. Xuvenil de Teis comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.



## Concello de Vigo

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de élite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Voleibol na tempada 2018/2019.

3º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.

4º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

- A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro x 4 metros de lonxitude cada unha.
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción, en todas as viaxes a para a realización de competicións oficiais federadas, participacións en torneos ou en xornadas orientadas ó fútbol base.

6º Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, etc...

7º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.- Que en todas as comunicacións, informacions de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos de equipos de fútbol base, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

9º.-Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información plantexados polo Concello de Vigo.

10º.-Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade C.D. Xuvenil de Teis na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade C.D. Xuvenil de Teis (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade C.D. Xuvenil de Teis unha subvención por importe de 30.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.11 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2018/2019. A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio mediante transferencia bancaria ó número de conta facilitado pola entidade beneficiaria.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2018/2019, coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducirán na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Sexto.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

**Sétimo.-** A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2019 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das



## Concello de Vigo

actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ..... euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc..) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

**Oitavo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

**Noveno.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2018/2019. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que por as súas especiais características non exista no mercado suficientes.

**Décimo.-** A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo primeiro.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo segundo.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo terceiro.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

**Décimo cuarto.-** A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de Novembro de 2019, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

**Décimo quinto.-** A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do





## Concello de Vigo

procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

**Décimo sexto-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

**Décimo séptimo-** Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de 2019.

### **13(295).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ENTIDADE DE VIGO VOLEIBOL PARA O PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE DA TEMPADA 2018-2019. EXPTE. 18158/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 20/03/19 e o informe de fiscalización do 09/04/19, dáse conta do informe-proposta de data 06/03/19, asinado polo xefe do Servizo de Deportes director-deportivo, o concelleiro-delegado de Deportes, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 47.000,00 € prevista na partida orzamentaria 3410.489.00.10 a favor da entidade Clube Vigo Voleibol polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2018/2019.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadanas.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas primeiras categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva Club Vigo Voleibol conta cun equipo de elite na modalidade de Voleibol na categoría Superliga 2. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría Superliga 2 hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2018/2019, que impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade Club Vigo Voleibol e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinerxias no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade hacia os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de elite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:



## Concello de Vigo

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade Club Vigo Voleibol para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios

recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o 2019, na partida orzamentaria 3410.489.00.10, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade Club Vigo Voleibol durante a tempada deportiva 2018/2019, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2019.

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio.

Por todo o exposto proponse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO:** Aprobar a concesión directa dunha subvención a entidade deportiva Club Vigo Voleibol para o proxecto xeral de actividade na tempada deportiva 2018/2019 e aprobar o texto do convenio que a regula.

**SEGUNDO:** Autorizar e dispoñer o gasto de 47.000,00 €. a favor da entidade Clube Vigo Voleibol co CIF: G-36658219 e enderezo social na rúa Bolivia 2 6º e cp 36203, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 18158-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.10 do vixente orzamento.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## Concello de Vigo

### CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE VIGO VOLEIBOL EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2018/2019 (EXPTE. 18158/333).

Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de dous mil dezanove.

#### **REUNIDOS**

Dunha parte, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, que actúa no nome e representación do Concello de Vigo, en virtude da súa condición de Alcalde-Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no artigo 61.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

Doutra, D. Guillermo Touza Rodríguez como presidente da entidade Clube Vigo Voleibol CIF nº G-36658219 e enderezo social na rúa Bolivia 2 6ºC e cp 36203 e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 18158-333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

#### **MANIFESTAN**

I.-O obxecto de este convenio é colaborar no desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade Clube Vigo Voleibol durante a tempada 2018-2019. A entidade conta cun equipo de élite que participa na categoría Superliga 2 desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade Club Vigo Voleibol desenvolve o proxecto do equipo de élite durante a tempada 2018/2019.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.

Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade Club Vigo Voleibol impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Voleibol en etapas de formación, contribuíndo ademáis a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.10 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 47.000,00 €, a favor da entidade deportiva Clube Vigo Voleibol.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinetes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadjuvar á financiación do proxecto xeral da entidade Club Vigo Voleibol na tempada deportiva 2018/2019.

VI.- Que a entidade Club Vigo Voleibol non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 18158-333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o Club Vigo Voleibol conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

## **PACTOS**

**Primeiro.-** O Club Vigo Voleibol comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:



## Concello de Vigo

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Voleibol na tempada 2018/2019.

3º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

- A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro x 4 metros de lonxitude cada unha.
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción, en todas as viaxes a para a realización de competicións oficiais federadas, participacions en torneos ou en xornadas orientadas ó fútbol base.

6º Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, etc...

7º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.- Que en todas as comunicacións, informacions de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos de equipos de fútbol base, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

9º.-Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información plantexados polo Concello de Vigo.

10º.-Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Club Vigo Voleibol na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Club Vigo Voleibol (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade Clube Vigo Voleibol unha subvención por importe de 47.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.10 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2018/2019. A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio mediante transferencia bancaria ó número de conta facilitado pola entidade beneficiaria.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2018/2019, coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.





## Concello de Vigo

**Quinto.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Sexto.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

**Sétimo.-** A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2019 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ..... euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

**Oitavo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

**Noveno.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2018/2019. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que por as súas especiais características non exista no mercado suficientes.

**Décimo.-** A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo primeiro.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo segundo.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.



## Concello de Vigo

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo terceiro.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

**Décimo cuarto.-** A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de Novembro de 2019, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

**Décimo quinto.-** A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

**Décimo sexto.-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

**Décimo sétimo.-** Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de 2019.

**14(296).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA AS ACTIVIDADES E PROXECTOS DEPORTIVOS DA TEMPADA 2018/2019. EXPTE. 18207/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 05/04/19 e o informe de fiscalización do 12/04/19, dáse conta do informe-proposta de data 09/04/19, asinado polo xefe do Servizo de Deportes director-deportivo, o concelleiro-delegado de Deportes, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda que di o seguinte:

Co obxecto de dar continuidade á tramitación do expediente nº 18207/333 sobre as Bases e a Convocatoria de subvencións a entidades deportivas sen ánimo de lucro pola súa actividade na tempada deportiva 2018/2019, e tendo en conta o informe xurídico de data 04 de marzo de 2018, procédese a informar sobre a consideración detallada no dito informe e á modificación da proposta atendendo á observación realizada no mesmo e que a continuación se detalla:

- *“No que respecta á materia de protección de datos persoais (Base 21ª), compre sinalar que os datos das entidades, en canto que non son persoa físicas, non son datos persoais. Por outra parte, compre sinalar que a Lei 15/1999, de 13 de decembro está derogado, polo que o tratamento dos datos persoais debe poñerse en relación coa normativa vixente, a Lei Orgánica 3/2018, de 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais”.*

Sobre esta cuestión, corrixiuse a referencia á derogada Lei 15/1999, sendo substituída pola Lei Orgánica 3/2018, de 13 de decembro de protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Por outra banda, atendendo á observación remitida pola Intervención do Concello con data 04/04/2019, corrixiuse un erro material detectado na cláusula 5ª.4., quedando a mesma como se detalla a continuación:

4. As entidades deberán estar integradas en competicións oficiais ou campionatos organizados polas federacións deportivas, e sen ter consideración de club ou equipo profesional. Exceptuarase desta obriga a entidades que cumpran un dos seguintes requisitos:



## Concello de Vigo

- Desenvolvan na cidade programas específicos de actividade física orientados exclusivamente á terceira idade e de duración anual.
- Desenvolvan programas de organización ou participación en competicións de ámbito nacional ou internacional destinadas a corpos, forzas de seguridade e bombeiros.
- Desenvolvan en Vigo programas polideportivos de competición deportiva non federada, cunha duración regular de como mínimo 7 meses e unha participación mínima acreditada de 2.500 deportistas.

Por último, engadíronse no Anexo I.1 de solicitude da subvención, as obrigas e cuestións relativas á protección de datos, e tendo en conta o informe de xurídico de data 05/04/2019, engadiuse a información relativa ó tratamento de datos de carácter persoal en todos os anexos vinculados coa convocatoria.

Por todo o exposto, procédese á modificación da proposta considerando e atendendo ás observacións detalladas:

### ANTECEDENTES

A actividade deportiva en Vigo, no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas de todas as facetas do deporte, e de forma xeral, en un número moi importante de disciplinas deportivas.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes, atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axudas ás entidades deportivas da cidade de Vigo e a consolidación destes proxectos deportivos que xera a cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e cidadanas.

Os obxectivos xerais destes proxectos de subvencións responden ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinerxías no ámbito social, destacando no proxecto:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida de acción, en base ós principios do compromiso da sociedade sobre os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en todos os aspectos é unha das prioridades de actuación en materia de deporte.
- A colaboración cos axentes deportivos no financiamento e ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica da actividade deportiva.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Contribuír a que os deportistas e as deportistas vigueses máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de cara a consolidar a imaxe deportiva de Vigo.

En relación cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axudas ás entidades deportivas da cidade de Vigo, os vixentes orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2019 consignan, na partida orzamentaria 3410.489.00.00 “subvencións a clubs e entidades sen fin de lucro”, un crédito por un importe total de 850.000,00€ (oitocentos cincuenta mil euros), que o Concello de Vigo a través da Concellería de Deportes pretende destinar á actuación de colaboración no financiamento da actividade deportiva das entidades deportivas da cidade de Vigo e nos distintos ámbitos da actividade deportiva.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

O obxecto desta convocatoria ven a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita actuación atopase recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril del deporte de Galicia.

Con carácter previo ao outorgamento das subvencións deberán aprobarse as bases reguladoras de concesión da subvención nos termos establecidos na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e proceder a súa convocatoria.

Así mesmo, atendendo ó establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e tendo en conta a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións e o traslado do seu extracto ao diario oficial correspondente, deberá aprobarse o texto do extracto e da convocatoria de subvencións que se remitirán á Base de Datos Nacional de Subvencións, e que se anexan ó expediente. Considerando tales preceptos legais, axúntanse como anexos na proposta de aprobación o texto da convocatoria e o extracto da mesma, tal como establece o punto cuarto da Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

A lexislación aplicable ás bases reguladoras e convocatoria específica destas subvencións será a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus



## Concello de Vigo

preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2019; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; así como as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO:** Aprobar as bases reguladoras para a concesión de subvencións a entidades deportivas de Vigo sen ánimo de lucro para as actividades e proxectos deportivos da tempada 2018/2019 e súa convocatoria.

**SEGUNDO:** Autorizar o gasto por importe de 850.000,00 € (oitocentos cincuenta mil Euros) con cargo á partida orzamentaría 3410.489.00.00 “Subvencións a clubs e entidades sen fin de lucro” do vixente orzamento.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **BASES ESPECÍFICAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO EN RELACIÓN Á ACTIVIDADE DEPORTIVA DA TEMPADA 2018/2019.**

O obxecto desta convocatoria ven a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita actuación atopase recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril del deporte de Galicia.

En relación cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, a través do apoio, difusión e axudas ás entidades deportivas da cidade de Vigo, os vixentes orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2019 consignan, na partida orzamentaria 3410.489.00.00 “subvencións a clubs e entidades sen fin de lucro”, un crédito por un importe total de 850.000,00 € (oitocentos cincuenta mil Euros); crédito orzamentario que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Deportes, destina a colaborar no financiamento da actividade deportiva das entidades deportivas da cidade de Vigo, nos distintos ámbitos da actividade deportiva.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrência e obxectividade.

As bases que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para a dita concesión.

#### **PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.**

O obxecto das subvencións a que se refiren as presentes bases é contribuír a financiar os gastos ocasionados polo funcionamento das entidades deportivas da cidade e a súa actividade deportiva durante a tempada deportiva 2018/2019.

#### **SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIÓNABLES.**

Serán gastos subvencionables os que de xeito determinado correspondan ao funcionamento da entidade solicitante e sexan ocasionados pola actividade propia desta, así como os motivados pola participación ou organización de actividades deportivas. Estes gastos poderán ter relación entre outros a gastos de pagamento de licencias federativas, viaxes, aloxamentos e comidas, arbitrxes, adestradores, alugamento de instalacións deportivas, gastos telefónicos, compras de material deportivo, etc. En xeral serán subvencionables todos os gastos ocasionados polo funcionamento da entidade deportiva para o cumprimento dos seus fins ao longo da tempada 2018/2019, quedando excluídos os gastos por investimento en instalacións deportivas (obras).

As subvencións ós clubs teñen un carácter único e, aínda que se valoran aspectos como a participación ou organización de eventos deportivos, enténdese que o total da subvención é polos gastos xerados pola actividade durante a tempada.

A tempada deportiva 2018/2019 estará definida para cada modalidade deportiva en función dos datos recabados das respectivas federacións, e a data de inscrición dos equipos ou dos deportistas individuais. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe que se axuntara á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma.

#### **TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.**

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 850.000,00 € (oitocentos cincuenta mil Euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.00 "Subvención a clubs e entidades sen fin de lucro". Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei de subvencións de Galicia.

#### **CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN.**

1.- Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, procedente de calquera outra administración, ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, aínda que serán incompatibles coas subvencións tramitadas a través de convenios nominais de colaboración en relación a un concepto análogo ó do obxecto da convocatoria, tramitados a través da Concellería de deportes na tempada 2018/2019.

2.- A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.





## Concello de Vigo

3.- En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

### **QUINTA. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.**

1. Poderán solicitar e obter estas axudas os clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas, e entidades deportivas que teñan o seu enderezo social en Vigo, teñan personalidade xurídica propia, carezan de ánimo de lucro e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria.

2. En relación coa modalidade de fútbol sala, só poderán participar nesta convocatoria os clubs que acrediten ter, polo menos, dous equipos federados en categorías inferiores.

3. Quedan excluídas expresamente de esta convocatoria:

- As federacións deportivas.
- Os clubs pertencentes ou integrados en institucións oficiais.
- Os clubs que por calquera causa se retiraran da competición oficial durante algunha das tempadas 2017-2018 ou 2018-2019.
- As entidades subvencionadas a través de convenios nominais de colaboración en relación a un concepto análogo ó do obxecto da convocatoria, tramitados a través da Concellería de deportes na tempada 2018/2019.

4. As entidades deberán estar integradas en competicións oficiais ou campionatos organizados polas federacións deportivas, e sen ter consideración de club ou equipo profesional. Exceptuarase desta obriga a entidades que cumpran un dos seguintes requisitos:

- Desenvolvan na cidade programas específicos de actividade física orientados exclusivamente á terceira idade e de duración anual.
- Desenvolvan programas de organización ou participación en competicións de ámbito nacional ou internacional destinadas a corpos, forzas de seguridade e bombeiros.
- Desenvolvan en Vigo programas polideportivos de competición deportiva non federada, cunha duración regular de como mínimo 7 meses e unha participación mínima acreditada de 2.500 deportistas.

5. Os solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incurso en prohibición para ser beneficiario da subvención das previstas no citado artigo para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incurso nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 da Lei 9/2007.

6. Débedas coas Administracións Públicas:

- As entidades que soliciten subvencións por importe superior a 3.000,00€:

–Acreditarán acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e para coa Seguridade Social mediante a presentación das certificacións ás que se refire o artigo 22 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

- Autorizan á Comisión avaliadora a solicitar ós departamentos responsables, e comprobar de oficio, os datos e a documentación que acredite que se achan ao corrente das súas obrigas Tributarias coa Axencia Tributaria e o Concello de Vigo. Entenderase que o solicitante, ao presenta-la solicitude de subvención, consinte tal extremo.
- As entidades que soliciten subvencións que non superen o importe de 3.000,00€.
- Acreditarán que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Seguridade Social, a Axencia Tributaria e o Concello de Vigo mediante a presentación dunha declaración responsable ao abeiro do artigo 24.4 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

En calquera dos casos, entenderase que o solicitante, ao presenta-la solicitude de subvención, autoriza á comisión avaliadora para solicitar e comprobar de oficio os datos e certificados acreditativos necesarios ós departamentos administrativos responsables.

#### **SEXTA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.**

1.- Serán obrigas dos beneficiarios das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as que seguen:

- Realizar a actividade deportiva subvencionada consonte co proxecto presentado coa solicitude, deixando constancia do financiamento municipal en calquera actividade coa inclusión da imaxe corporativa oficial.
- Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.
- Empregar a lingua galega na realización das actividades subvencionadas, caso de que tal utilización se tivese invocado e avaliado como mérito para o procedemento de concesión da subvención.
- Dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada en calquera actividade ou evento relacionado coa entidade.
- Utilizar unha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión das súas actividades.
- En relación coa muller, utilizar imaxes non estereotipadas, que visualice a aportación das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

#### **SÉTIMA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN.**

1.- Para efectuar as propostas de concesión das subvencións, a comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios e baremo de puntuación sobre un máximo de 96 puntos:

a) Actividades xeral da entidade solicitante:

a.1. Relevancia da modalidade e da entidade deportiva no ámbito da cidade. Valorarase a relevancia, repercusión e traxectoria do proxecto deportivo no desenvolvemento social da zona na que se ubica o ámbito de actividade da entidade, relación co deporte e a discapacidade, repercusión



## Concello de Vigo

mediática e social tanto no ámbito da cidade de Vigo como a nivel nacional e internacional...: Ata 30 puntos, según os seguintes criterios:

### De 1 a 10 puntos:

A aqueles proxectos que, reunindo as condicións mínimas establecidas na convocatoria para que un proxecto sexa técnica e economicamente viable, o proxecto ou proxectos realizados ou previstos, a xuízo da comisión de avaliación, cumpren algunhas das seguintes características:

- Un impacto e repercusión medio/baixo nun entorno xeográfico determinado da cidade de Vigo.
- Orientado fundamentalmente ó deporte de base ou de categoría absoluta.
- Volume porcentual medio/baixo da entidade en función do volume total de licencias da modalidade na cidade e do total de licencias deportivas en Vigo.
- Nivel de competicións de ámbito fundamentalmente local, provincial ou autonómico.

De 11 a 20 puntos: Aqueles proxectos que, reunindo as condicións mínimas establecidas na convocatoria para que un proxecto sexa técnica e economicamente viable, o proxecto ou proxectos realizados ou previstos, a xuízo da comisión de avaliación, cumpren algunhas das seguintes características:

- Un impacto e repercusión medio-alto no entorno xeográfico cidade de Vigo.
- Orientado ó deporte de base e/ou de categoría absoluta.
- Volume porcentual medio da entidade en función do volume total de licencias da modalidade na cidade e do total de licencias deportivas en Vigo.
- Nivel de competicións de ámbito fundamentalmente autonómico ou nacional.
- De longa tradición e arraigo na cidade de Vigo.

De 21 a 30 puntos: Aqueles proxectos que, reunindo as condicións mínimas establecidas na convocatoria para que un proxecto sexa técnica e economicamente viable, o proxecto ou proxectos realizados ou previstos, a xuízo da comisión de avaliación, cumpren algunhas das seguintes características:

- Un impacto considerable no entorno xeográfico da cidade de Vigo a nivel mediático e/ou social.
- Volume porcentual medio-alto da entidade en función do volume total de licencias da modalidade na cidade e do total de licencias deportivas en Vigo.
- Nivel de competicións de ámbito autonómico, nacional ou internacional.
- O proxecto supón a continuidade dun proxecto anterior, de longa tradición e arraigo na cidade de Vigo.

a.2. Organización de actividades e competicións deportivas que colaboren co sistema deportivo local. Valorarase a repercusión mediática e social da actividade, o nivel deportivo dos

participantes, o volume de actividade, o volume de espectadores, o interese público da actividade, o custo da actividade, ou a orientación a determinados colectivos de interese... Para a valoración, terase en conta o proxecto presentado, que incluíra, ademais, un orzamento de ingresos-gastos detallado. A valoración deste criterio será incompatible con outras subvencións outorgadas polo Concello de Vigo. Para ser tido en conta este criterio, a entidade deberá obter, como mínimo, 2 puntos no apartado, valorándose, como máximo, 1 evento por entidade. Ata 25 puntos según os seguintes criterios:

a.2.1. De 0 a 1,5 puntos:

A aqueles proxectos que, a xuízo da comisión de avaliación, teñen algunhas das seguintes características:

- Non cumpran as condicións mínimas para que sexa técnica e economicamente viable.
- Non cumpran cos criterios establecidos nos apartados a.2.2., a.2.3. ou a.2.4.

a.2.2. De 2 a 10 puntos:

A aqueles proxectos que, reunindo as condicións mínimas establecidas na convocatoria para que un proxecto sexa técnica e economicamente viable, o proxecto ou proxectos realizados ou previstos, a xuízo da comisión de avaliación, teñen algunhas das seguintes características:

- Un impacto e repercusión medio nun entorno determinado da cidade de Vigo.
- Orientado fundamentalmente ó deporte de base ou a un determinado colectivo de interese.
- Volume medio de participación.
- Volume medio de asistencia de público.
- O proxecto supón a continuidade dun proxecto anterior.
- De ámbito provincial ou autonómico.
- Programas de organización ou participación en competicións de ámbito nacional ou internacional destinados a corpos, forzas de seguridade e bombeiros.
- Desenvolvan en Vigo programas polideportivos de competición non federada, cunha duración mínima regular de como mínimo 7 meses e unha participación mínima acreditada de 2.500 deportistas.
- Desenvolvan na cidade programas específicos de actividade física orientados exclusivamente á terceira idade de duración anual.
- 

a.2.3. De 11 a 20 puntos:

A aqueles proxectos que, reunindo as condicións mínimas establecidas na convocatoria para que un proxecto sexa técnica e economicamente viable, o proxecto ou proxectos realizados ou previstos, a xuízo da comisión de avaliación, teñen algunhas das seguintes características:

- Un impacto e repercusión alto na cidade de Vigo a nivel mediático e/ou social.
- Repercusión de ámbito galego.



## Concello de Vigo

- Nivel elevado da competición.
- Carácter oficial da competición.
- Volume alto de participación.
- Volume alto de asistencia de público.
- O proxecto supón a continuidade dun proxecto anterior.
- De ámbito nacional ou internacional.
- De longa tradición na cidade de Vigo.

### a.2.4. De 21 a 25 puntos:

A aqueles proxectos que, reunindo as condicións mínimas establecidas na convocatoria para que un proxecto sexa técnica e economicamente viable, o proxecto ou proxectos realizados ou previstos, a xuízo da comisión de avaliación, teñen algunhas das seguintes características:

- Un impacto considerable na cidade de Vigo a nivel mediático e/ou social.
- Repercusión de ámbito nacional ou internacional.
- Nivel elevado da competición.
- Carácter oficial da competición.
- Volume alto de participación.
- Volume alto de asistencia de público.
- O proxecto supón a continuidade dun proxecto anterior, que polas súas características diferenciadoras, contido e colectivo destinatario, foi avaliado positivamente pola concellería de deportes, o que lle outorga un valor engadido ó proxecto.
- De ámbito nacional ou internacional.
- De longa tradición na cidade de Vigo.

### b) Promoción do deporte base:

b.1. Participación no Programa Municipal de Escolas Deportivas; terase en conta a participación ou non no programa Municipal de escolas deportivas no curso 2018/2019. Para este criterio utilizaranse os datos obrantes no servizo de deportes: Ata 5 puntos.

- De 15 a 50 escolares = 1 punto.
- De 51 a 100 escolares = 2 puntos.
- De 101 a 150 escolares = 3 puntos.
- >150 escolares = 5 puntos.

### b.2. Número de licencias ata categoría xuvenil incluída. Ata 15 puntos

Volume de licencias ata categoría xuvenil e puntuación (\*excepto Actividades subacuáticas, Bádminton, Golf, Hípica, Judo, Karate, Montañismo, Pádel, Surf, Taekwondo e Tenis).

- 1 punto: De 15 a 30 licencias.
- 2 puntos: De 31 a 50 licencias.
- 4 puntos: De 51 a 100 licencias.
- 5 puntos: De 101 a 150 licencias.
- 8 puntos: De 151 a 250 licencias.
- 10 puntos: De 251 a 300 licencias.
- 12 puntos: De 301 a 400 licencias.
- 15 puntos: >400 licencias.

Volume de licencias de base ata categoría xuvenil e puntuación para Actividades subacuáticas, Bádminton, Golf, Hípica, Judo, Karate, Montañismo, Pádel, Surf, Taekwondo e Tenis:

- 1 punto: De 50 a 100 licencias.
- 2 puntos: De 101 a 450 licencias.
- 3 puntos: De 451 a 650 licencias.
- 5 puntos: De 651 a 999 licencias.
- 6 puntos: De 1.000 a 1.200 licencias.
- 12 puntos: De 1.201 a 1.500 licencias.
- 15 puntos: > de 1.500 licencias.

#### b.3. Número de licencias de categoría feminina: Ata 5 puntos

Volume de licencias femininas e puntuación (\*excepto Actividades subacuáticas, Bádminton, Golf, Hípica, Judo, Karate, Montañismo, Pádel, Surf, Taekwondo e Tenis).

- 1 punto: De 15 a 30 licencias.
- 2 puntos: De 31 a 50 licencias.
- 4 puntos: De 51 a 75 licencias.
- 5 puntos: >75 licencias.

Volume de licencias femininas e puntuación para Actividades subacuáticas, Bádminton, Golf, Hípica, Judo, Karate, Montañismo, Pádel, Surf, Taekwondo e Tenis:

- 1 punto: De 75 a 150 licencias.
- 2 puntos: De 151 a 300 licencias.
- 3 puntos: De 301 a 400 licencias.
- 5 puntos: >400 licencias.

c) Deporte e discapacidade: 2 puntos. Outorgaranse 2 puntos ós proxectos deportivos cuxo fin estea orientado fundamentalmente ó deporte adaptado, e que cumpran cos requisitos da convocatoria.



## Concello de Vigo

### d) Estrutura da entidade deportiva:

d.1. Gastos en aluguer de instalacións deportivas municipais en concepto de aluguer de instalación para adestramentos e competicións deportivas. Ata 10 puntos

A entidade solicitante recibirá un punto, ata un máximo de 10, por cada 1.000,00€ de gasto en aluguer de instalacións deportivas municipais realizados no ano 2018. O Concello comprobará de oficio o gasto efectivo realizado polas entidades solicitantes.

- 1 punto por cada 1.000,00€ de gasto acreditado.

d.2. Estrutura técnica: Ata 3 puntos. Valorarase o volume de persoal técnico contratado. Para ser valorado este criterio, xunto á solicitude anexarase a documentación que acredite axeitadamente a titulación ou licenza presentada. A licenza deberá corresponder á tempada subvencionada, e deberá presentarse a documentación que acredite que o persoal técnico está dado de alta no réxime laboral axeitado.

- Título oficial específico da modalidade Nivel III ou equivalente, ou Título de Licenciado/Graduado en CCAFD : 1 punto por licenza ou título.
- Título oficial específico da modalidade Nivel II ou equivalente: 0,5 puntos por licenza ou título.
- Título específico Nivel I ou equivalente, ou título de TSAFD: 0,25 por licenza ou título.
- 

e) Emprego do Galego: 1 punto. Valorarase os proxectos de comunicación presentados polas entidades que acrediten suficientemente que están desenvolvidos en lingua Galega. O emprego da lingua galega na realización das actividades para as que se solicita a axuda valorarase ata 1 punto. Na valoración deste criterio terase en conta o emprego da lingua galega nas comunicacións da entidade, nas campañas escritas de promoción, cartelería, anuncios..., e en xeral na realización das actividades da entidade, e en concreto, valorarase:

- 1 punto polo desenvolvemento de proxectos de comunicación que fomenten o uso da lingua galega como vehículo principal de comunicación, que inclúan o uso do galego no espazo web actualizado da entidade (páxina web, blog...), nas comunicacións, cartelería.... As entidades deberán detallar ademais nos proxectos de comunicación que presenten na solicitude, o/os enlaces ós espazos web ao obxecto de realizar as comprobacións necesarias por parte do servizo xestor.

Os datos a puntuar corresponderanse coas actividades desenvolvidas na tempada 2018/2019, ou en calquera caso, no ano 2019 nas modalidades cuxa tempada deportiva se corresponda co ano natural.

### **OITAVA.- CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCIONS.**

1.- O importe total máximo destinado a estas subvencións distribuirase entre tódalas entidades deportivas que, por reunir os requisitos esixidos nestas bases para ser beneficiario, sexan admitidas a participar no procedemento de concesión das subvencións, en función da puntuación acadada no proceso de avaliación que se realizará de acordo cos criterios previstos no apartado anterior.

2.- O importe total da convocatoria distribuirase entre a suma total de puntos acadados pola totalidade das solicitudes admitidas, obtendo desta forma o valor unitario do punto. A subvención para cada entidade calcularase multiplicando o valor unitario do punto polos puntos obtidos en cada caso.

#### **NOVENA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS.**

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

#### **DÉCIMA.- PRAZO E PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.**

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da Lei 39/2015 do Procedemento administrativo común das AAPP.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas e asinadas electrónicamente polo representante da entidade, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)),

Cada entidade só poderá presentar unha solicitude.

No caso de que se achegue a solicitude presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que tivese realizado a subsanación.

Todas as solicitudes, así coma as posibles subsanacións telemáticas contempladas no parágrafo anterior, deberanse achegar antes de que remate o prazo outorgado para a súa presentación, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo.

#### **DECIMO PRIMEIRA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN.**

1.- Coa solicitude asinada electrónicamente polo representante da entidade, segundo o modelo que figura como anexo I.1 desta convocatoria, deberase achegar a demais documentación esixida nestas bases e convocatoria, segundo os modelos, que no seu caso, figuran nos demais anexos desta convocatoria.





## Concello de Vigo

2.- As entidades solicitantes deberán presentar xunto coa solicitude (Anexo I.1) a seguinte documentación:

A) Anexos:

- Anexo I.2. Orzamento equilibrado de ingresos e gastos da tempada 2018/2019.
- Anexo I.3. Declaración responsable.

B) Outra documentación obrigatoria:

- Certificado da Federación no que se detalle definido o número de licencias desglosado por categoría e xénero, da tempada 2018/2019, ou do ano 2019 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual.
- Certificado actualizado da titularidade da conta bancaria da entidade solicitante.
- Copia do código de identificación fiscal da entidade solicitante.
- Certificado emitido pola Xunta de Galicia que acredite a composición da actual xunta directiva.
- Copia do D.N.I. do presidente da entidade asinante da solicitude de subvención.
- Proxecto das actividades da entidade, cos datos referentes ás actividades nas que participan e, no seu caso as que organizan, etc. (Detalle das competicións nas que participa cada un dos equipos da entidade ou, no seu caso, os deportistas individuais, no de equipos e/ou deportistas por categoría e xénero, categorías ou nome das competicións nas que participa, ámbito dos desprazamentos, torneos ou competicións fora do ámbito da competición regular nos que participa ou aqueles que organiza e que colaboran na dinamización do deporte local...).
- No caso de solicitar unha subvención por importe superior a 3.000,00 €, deberán presentar, xunto coa solicitude, os Certificados de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e coa Seguridade Social

### **DÉCIMO SEGUNDA.- SUBSANACIÓN DA SOLICITUDE.**

Consonte co establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento Administrativo Común, se a documentación aportada fora incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presente convocatoria, o solicitante será requirido mediante notificación electrónica para que complete a documentación ou amañe a falla no prazo de 10 días hábiles, contados a partir da recepción da notificación, coa advertencia de que se non o fixera se lle terá por desistida a súa solicitude e arquivarase o expediente.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítanse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

### **DECIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE.**

As presentes Bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación según cada caso, da convocatoria, o programa e crédito presupostario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

**Publicidade do financiamento público.** As beneficiarias das subvencións deberán empregarlo distintivo do Concello de Vigo en tódalas actividades e comunicacións que promovan e en todas as equipacións, publicacións, carteis, rótulos e demais elementos de difusión ou publicidade será indispensable mencionar á “Concellería de Deportes – Concello de Vigo”.

### **DÉCIMO CUARTA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.**

1.- A Concellería de Deportes será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas se realizará por unha Comisión de Valoración composta polo Concelleiro de Deportes, o Xefe de Servizo da Área de Deportes e un Técnico da mesma área que actuará como secretario.

2.- A Comisión Avaliadora, a través da Concellería de Deportes, como órgano instrutor, formulará proposta motivada de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada. A proposta incluirá o informe do órgano instrutor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren con todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

3.- A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas.

O prazo para resolver e notificar a resolución será de seis meses, como máximo, contados a partir da publicación desta convocatoria.

A resolución notificarase electrónicamente ós solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data a través da sede electrónica. Remítanse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



## Concello de Vigo

4.- As entidades beneficiarias das axudas están obrigadas no prazo de dez días a contar do seguinte ao da notificación a comunicar por escrito á Concellería de Deportes a aceptación ou renuncia das axudas, transcorrido este prazo sen manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.

5.- A resolución da Xunta de Goberno Local, sobre concesión das axudas, esgota a vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar do día seguinte ó da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses desde o seguinte ó da notificación, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común e 8.1 e 46 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

6.- Transcorrido o devandito prazo de seis meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda.

### **DÉCIMO QUINTA.- SUBCONTRATACIÓN.**

Os beneficiarios non poderán subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

### **DÉCIMO SEXTA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIONS.**

1.- As beneficiarias das subvencións teñen de prazo ata o 11 de outubro de 2019 (Incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

O prazo sinalado para a xustificación, segundo o establecido no art. 70.3 do R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, poderá ser ampliado se concorreran causas que o xustifiquen, previa aprobación do mesmo por parte da Xunta de Goberno Local. *“Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan”.*

2.- Ao efecto de xustifica-la subvención os beneficiarios deberán achegar electronicamente **a través da sede electrónica do Concello de Vigo**, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica:

*a).1- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento dos proxectos e actividades subvencionadas*, cuns contidos mínimos no aspecto deportivo (Incluíranse os datos referentes ás competicións nas que participaron os equipos ou deportistas vinculados á entidade, os equipos ou deportistas que a integran, os resultados, o ámbito e o nivel acadado nas competicións, material gráfico impreso,...).

*a).2- Os anexos II destas bases:*

-Anexo II.1. Relación de facturas presentadas como xustificación polo importe subvencionado.

-Anexo II.2. Declaración responsable

-Anexo II.3. Balance de ingresos e gastos

b).1- Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto subvencionado polo importe subvencionado, en relación co apartado ou apartados para o cal está destinada a axuda coas seguintes especificidades:

**1º.-** A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do Orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ..... euros. As facturas serán orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

**2º.- Importe xustificativo:** Terase en conta como importe xustificativo a Base Imponible do importe das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente que se presenten como xustificación, excepto que se acredite debidamente mediante certificado da axencia Tributaria que a entidade está exenta de IVE.

**3º.-** Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

**4º.-** Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de pago de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións ou pola propia entidade deportiva que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base á eficacia administrativa do mesmo.

**5º.- Instalacións Deportivas:** O Concello comprobará de oficio o gasto efectivo realizado polas entidades beneficiarias en concepto de usos de instalacións deportivas municipais durante o ano 2018, e incorporará o dato correspondente á valoración da solicitude.

**6º.-** Nas subvencións concedidas a entidades dependente ou vinculadas á Universidade, a xustificación poderá consistir na certificación da intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.



## Concello de Vigo

7º.- Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, deberá facelo xunto coa presentación da documentación xustificativa. A área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal. En todo caso, a solicitude de devolución das facturas deberá ser efectuada, por escrito, xunto a presentación da xustificación, e sempre previamente ó pago da subvención acadada.

*b.2.- Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello*, en relación coa xustificación da subvención.

### **DÉCIMO SÉTIMA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCÍONS.**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión, será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

### **DECIMO OITAVA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN.**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

### **DECIMO NOVENA.- PAGAMENTO.**

1.- O pagamento da subvención terá lugar logo da xustificación pola beneficiaria da actividade para a que se concedeu a subvención.

2.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

### **VIXÉSIMA.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCÍONS. RÉXIME DE INFRACCIÓN E SANCÍONS.**

#### **8. Perda do dereito ao cobro:**

- Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento por parte da beneficiaria da subvención de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e convocatoria e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pago único da subvención; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da

subvención ou a insuficiencia desta; á obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causa previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

- Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito a subvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao cobro, ou, no seu caso o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.
- A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

## **2.- Nulidade, reintegro, infraccións e sancións:**

- Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.
- Canto ás infraccións e sancións en que poidan incurrir os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

## **VIXÉSIMO PRIMEIRA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.**

1.- Os datos das solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso desta convocatoria, polo que a súa achega é obrigatoria.

2.- Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común e na Lei Orgánica 3/2018, de 13 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

## **VIXÉSIMO SEGUNDA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.**

A presente convocatoria rexerese por estas bases, pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as Bases de Execución do Orzamento do



## Concello de Vigo

Concello de Vigo para o ano 2019, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

### ANEXOS

ANEXO I.1.- INSTANCIA DE SOLICITUDE							
SOLICITUDE SUBVENCIÓN PARA ENTIDADE DEPORTIVAS TEMPADA 2018/2019							
Entidade				CIF:			
Modalidade:							
Enderezo			Localidade:		CP:		
Tlf. 1			Tlf.2			Fax:	
E-Mail a efectos de notificación							
E na súa representación, co cargo de Presidente:							
Apelidos:			Nome:			DNI:	
Enderezo:			Localidade:			CP:	
Tlf 1:			Tlf 2:			E-mail:	

**SOLICITA,**

da Concellería de Deportes do Concello de Vigo, unha subvención por importe de €, pola actividade desenvolvida pola entidade durante a Tempada deportiva 2018/2019.

**Documentación obrigatoria que se achega coa solicitude:**

- 1. Anexo I.1:** Instancia de solicitude.
- 2. Anexo I.2:** Orzamento equilibrado de Ingresos e de gastos da Tempada 2018/2019.
- 3. Anexo I.3:** Declaración responsable:
- 4. Certificado emitido pola Federación da modalidade no que conste nº de licencias por categoría e por xénero.**
- 5. Proxecto de actividade.**
- 6. Copia do acta de constitución da actual xunta directiva**
- 7. Copia do DNI do presidente da entidade que asina a solicitude.**

**1. Anexo I.1:** Instancia de solicitude.

**8. Só para entidades que soliciten subvención por importe superior a 3.000,00€: Certificados emitidos polas Administracións Públicas de estar ó corrente coas obrigas :**

- Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

**9. Certificado orixinal da titularidade da conta bancaria.**

**10. Copia do CIF** da entidade solicitante.

**O/A que abaixo asina declara que:**

Esta entidade reúne os requisitos establecidos no artigo 10 da LSG, e que todos os datos que contén esta solicitude axústanse ós requisitos establecidos, e que nos comprometemos a cumprir co disposto nas bases da subvención, e polo tanto solicito. Así mesmo autorízase ó Concello de Vigo a solicitar e/ou verificar de oficio os datos e certificados que estime oportunos en relación á solicitude presentada.

**Protección de datos:** O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de subvencións a entidades deportivas pola súa actividade durante a tempada deportiva 2018/2019.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante





## Concello de Vigo

O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org).

Sinatura do presidente

Selo da entidade

--	--

Vigo, de de 20

**Sr. CONCELEIRO DELEGADO DE DEPORTES**

### **ANEXO I.2.-ORZAMENTO EQUILIBRADO DE INGRESOS E GASTOS TEMPADA 2018/2019**

Don/Dna		DNI	
Secretario/a da entidade deportiva		CIF.	

Certifica que o orzamento de ingresos e de gastos para a tempada 2018/2019 son os seguintes:

<b>CONCEPTO INGRESOS</b>	<b>IMPORTE</b>
Ingresos socios	€
Ingresos patrocinadores Privados	€
Concello de Vigo <b>(Debe coincidir co importe solicitado no Anexo I.1)</b>	€
Fundación Deporte Galego	€
Deputación de Pontevedra	€
Outras subvencións do Concello de Vigo	€
...	€
	€
	€

CONCEPTO INGRESOS	IMPORTE
	€
TOTAL INGRESOS	

CONCEPTO GASTOS	IMPORTE
Gastos federativos (Licencias e mutualidades)	€
Gastos Material	€
Gastos desprazamentos	€
Gastos aluguer instalacións	€
...	€
	€
	€
	€
	€
	€
	€
	€

Vigo, de de 20

Sinatura do/a tesoureiro/a	Conforme do/da presidente/a	Selo da entidade
----------------------------	-----------------------------	------------------

**Protección de datos:** O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.



## Concello de Vigo

A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de subvencións a entidades deportivas pola súa actividade durante a tempada deportiva 2018/2019.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante

O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org).

### ANEXO I.3.-DECLARACIÓN RESPONSABLE

Don/Dña		DNI	
Secretario/a da entidade deportiva		CIF	

#### Declara,

- Que esta entidade deportiva solicitou e/ou ten concedidas as seguintes subvencións para a tempada deportiva 2018/2019:

Organismo no que ten solicitada e/ou concedida a subvención	Importe solicitado	Importe concedido
	€	€
	€	€
	€	€
	€	€

- Que esta entidade deportiva non está incurso en ningunha das prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Que segundo consta na acta nº ..... da sesión da xunta directiva celebrada na ..... data ....., D/Dna.....  
..... con DNI:  
....., figura co cargo de Presidente/a, o que lle outorga, segundo os Estatutos da entidade, a representación legal da entidade.

- **No caso de haber solicitado unha subvención por importe inferior a 3.000,00€: declara**, que a entidade se atopa ao corrente de pagos coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello de Vigo, substituindo esta declaración ós certificados emitidos por ditos organismos, e autorizando á Concellería de Deportes a facer as verificacións posteriores necesarias.

Vigo, de de 20

Sinatura do secretario/a	Conforme o/a presidente/a	Selo da Entidade
--------------------------	---------------------------	------------------

**Protección de datos:** O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de subvencións a entidades deportivas pola súa actividade durante a tempada deportiva 2018/2019.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante

O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)). Poderán obter máis



Nº da factura	Data exped. factura	CIF proveedor	Concepto do gasto	*Base imponible	* IVE

Suma e segue...

- Tal como se reflexa no Art. 16.2.c.2º da normativa reguladora desta subvención, terase en conta como importe xustificativo a Base Imponible do importe das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente que se presenten como xustificación, excepto que se acredite debidamente mediante certificado da axencia Tributaria que a entidade está exenta de IVE, ou que se certifique no anexo II.2 que, no seu caso, o importe do IVE derivado dos gastos da axuda a xustificar en relación á subvención concedida polo Concellería de Deportes do Concello de Vigo en relación ó desenvolvemento do proxecto é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

**ANEXOII.1.-RELACIÓN DE FACTURAS PRESENTADAS - CONTA XUSTIFICATIVA-**

Nº da factura	Data exped. factura	CIF proveedor	concepto do gasto	*Base imponible	*IVE
Suma anterior...				.....	.....



--	--	--

**Protección de datos:** O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de subvencións a entidades deportivas pola súa actividade durante a tempada deportiva 2018/2019.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante

O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org).

#### **ANEXO II.2.-DECLARACIÓN RESPONSABLE**

D/Dna.		DNI:	
Secretario/a Entidade	da	CIF:	





## Concello de Vigo

### **DECLARA:**

- Que todos os datos que contén a conta xustificativa se axustan á realidade e cumpren coas bases do programa de subvencións obxecto da solicitude.
- Que a actividade deportiva subvencionada realizouse tal como figura na memoria presentada e cumprindo todas as características que se declararon na solicitude de subvención.
- Que a actividade que foi obxecto da subvención foi executada na súa totalidade e o seu custo total foi de

_____
_____ €

- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presentan, aplicáronse á actividade subvencionada.
- Que as subvencións ou achegas obtidas para as actividades subvencionadas non superaron o custe total da mesma.
- Que a entidade atópase ó corrente coas obrigas tributarias da Seguridade Social, Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo, non é debedora por resolución de procedencia de reintegro e que foi practicada a pertinente retención sobre a Renda das Persoas Físicas sobre os gastos que están suxeitos á retención, así como que esta foi practicada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria (No caso de empregar ditos Xustificantes).
- Que autoriza ó servizo de Deportes do Concello de Vigo a comprobar a situación de débedas da entidade coa AEAT e co Concello de Vigo.

- Que, no seu caso, o importe do IVE derivado dos gastos da axuda a xustificar en relación á subvención concedida polo Concello de Vigo en relación ó desenvolvemento do proxecto é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

SÍ	<input type="checkbox"/>
NO	<input type="checkbox"/>
N	<input type="checkbox"/>

- Que esta entidade deportiva ten solicitadas, concedidas e ou recibiu as seguintes subvencións para o desenvolvemento da mesma actividade subvencionada polo Concello de Vigo:

Organismo no que ten solicitada e/ou concedida a subvención	Importe concedido	Importe recibido
	€	€
	€	€
	€	€

Vigo, de de 20

Sinatura do/da secretario/a	Conforme do/da Presidente/a	Selo da entidade:

**Protección de datos:** O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de subvencións a entidades deportivas pola súa actividade durante a tempada deportiva 2018/2019.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante

O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org).

### **ANEXO II.3.-BALANCE DE INGRESOS E GASTOS**

<b>BALANCE DE INGRESOS</b>	<b>IMPORTE</b>
Ingresos socios	€



## Concello de Vigo

BALANCE DE INGRESOS	IMPORTE
Ingresos patrocinadores	€
Concello de Vigo	€
Fundación Deporte Galego	€
Deputación de Pontevedra	€
...	€
	€
	€
	€
	€
TOTAL INGRESOS	€

BALANCE DE GASTOS	IMPORTE
Gastos federativos (Licencias e mutualidades)	€
Gastos Material	€
Gastos desprazamentos	€
Gastos aluguer instalacións municipais	€
...	€
	€
	€
	€
	€
	€
	€
	€
TOTAL GASTOS	€

Vigo, de de 20

Sinatura do/da tesoureiro/a:	Conforme do/da Presidente/a:	Selo da entidade:
------------------------------	------------------------------	-------------------

**Protección de datos:** O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de subvencións a entidades deportivas pola súa actividade durante a tempada deportiva 2018/2019.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante

O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org).

### ANEXO III.1.



## Concello de Vigo

### CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES DEPORTIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO POLA SÚA ACTIVIDADE NA TEMPADA DEPORTIVA 2018/2019.

O obxecto desta convocatoria ven a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado I) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e asimismo, dita actuación se atopa recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril do deporte de Galicia.

#### **PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.**

O obxecto das subvencións é contribuír a financiar os gastos ocasionados polo funcionamento das entidades deportivas da cidade e a súa actividade deportiva durante a tempada deportiva 2018/2019.

#### **SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.**

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será de 850.000,00 € (oitocentos cincuenta mil Euros) que faranse efectivos con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.00 “Subvencións a clubs e entidades sen fin de lucro”.

#### **TERCEIRA. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.**

1. Poderán solicitar e obter estas axudas os clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas, e entidades deportivas que teñan a súa dirección social en Vigo, teñan personalidade xurídica propia, carezan de ánimo de lucro e cumpran os requisitos que establecen as bases e convocatoria.
2. En relación coa modalidade de fútbol sala, só poderán participar nesta convocatoria os clubs que acrediten ter, polo menos, dous equipos federados en categorías inferiores.
3. Quedan excluídas expresamente desta convocatoria:
  - As federacións deportivas.
  - Os clubs pertencentes ou integrados en institucións oficiais.
  - Os clubs que por calquera causa se retiraran da competición oficial durante algunha das tempadas 2017-2018 ou 2018-2019.
  - As entidades subvencionadas a través de convenios nominais de colaboración en relación a un concepto análogo ó do obxecto da convocatoria, tramitados a través da Concellería de deportes na tempada 2018/2019.
4. As entidades deberán estar integradas en competicións oficiais ou campionatos organizados polas federacións deportivas, e sen ter consideración de club ou equipo profesional.

#### **CUARTA.- PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS.**

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva.

#### **QUINTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.**

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 10 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

#### **SEXTA.- BASES REGULADORAS.**

As bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ó BOPPO do extracto da mesma, sen perxuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

#### **SÉTIMA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.**

A Concellería de Deportes será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas realizarase por unha Comisión de Valoración composta polo Concelleiro de deportes, o Xefe de servizo da área de Deportes e un Técnico da mesma área que actuará como secretario.

#### **OITAVA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.**

As beneficiarias das subvencións teñen de prazo ata o 11 de outubro de 2019 (Incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

O prazo sinalado para a xustificación poderá ser ampliado si concorreran causas que o xustifiquen, previa aprobación do mesmo por parte da Xunta de Goberno Local.

#### **NOVENA.- PAGO.**

1.- O pago da subvención terá lugar tras a xustificación pola beneficiaria da actividade para a que se concedeu a subvención.

### **ANEXO III.3.**

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA ..... (COMPLETAR UNHA VEZ APROBADO) DE 2019, POLO QUE SE APROBA A CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO POLA SÚA ACTIVIDADE NA TEMPADA DEPORTIVA 2018/2019.



## Concello de Vigo

“De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

### **PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.**

Contribuír a financiar os gastos ocasionados polo funcionamento das entidades deportivas da cidade e a súa actividade deportiva durante a tempada deportiva 2018/2019.

### **SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.**

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 850.000,00 € (oitocentos cincuenta mil Euros) con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.00.

### **TERCEIRA. - BENEFICIARIOS.**

Clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas, e entidades deportivas que teñan a súa dirección social en Vigo, teñan personalidade xurídica propia, carezan de ánimo de lucro e cumpran os requisitos que establecen as bases e convocatoria.

### **CUARTA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.**

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva.

### **QUINTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.**

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 10 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

### **SEXTA.- BASES REGULADORAS.**

As Bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO), remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma, sen perxuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

### **SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.**

As beneficiarias das subvencións deberán xustificar antes de 11 de outubro de 2019 (Incluído).

### **15(297).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS DURANTE O MES DE FEBREIRO E MARZO DE 2019 NO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA. EXPTE. 2562/334.**

Dáse conta do informe- proposta de data 10/04/19, asinado pola técnica de Normalización Lingüística, e pola concelleira-delgada de Igualdade Xuventude e Normalización Lingüística, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31<sup>a</sup> das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2019, aprobadas polo Pleno con data 26/12/2018, faise a seguinte

**PROPOSTA:**

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de **contrato menor** no Servizo de Normalización Lingüística e autorizados pola concelleira-delegada de Normalización Lingüística, no mes de febreiro e marzo de 2019.

Expediente	2546-334. Realización de 21 obradoiros de improvisación oral en verso e certame de regueifas.
Decreto concelleira	data 14 de febreiro de 2019
Informe Intervención	RC 000959
Adxudicatario	Asociación Cultural Oral de Galicia
Importe	5.330 euros

Expediente	2547-334. Realización Correlingua 2019
Decreto concelleira	data 15 de febreiro de 2019
Informe Intervención	RC 001040
Adxudicatario	Asociación Cultural Correlingua
Importe	3.000 euros

Expediente	2548-334 Realización do programa "Unha lección de cine"
Decreto concelleira	data 18 de febreiro de 2019
Informe Intervención	RC 001037
Adxudicatario	Cine Club Lumière
Importe	2.211,25 euros

Expediente	2549-334 Pola merca de libros de consulta, de narrativa, infantís e xuvenís
Decreto concelleira	data 25 de febreiro de 2019
Informe Intervención	RC 001080
Adxudicatario	Xaime Nogueira Meixe
Importe	390,97 euros





**Concello de Vigo**

**Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

**16(298).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA PARA A DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA. EXPTE. 2560/334.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 11/04/19, dáse conta do informe-proposta de data 08/04/19, asinado pola técnica de Normalización Lingüística, e pola concelleira-delgada de Igualdade Xuventude e Normalización Lingüística, que di o seguinte:

O DOG do 29 de marzo (núm. 62) recolle a publicación da Orde do 15 de marzo de 2019 da Secretaría Xeral de Política Lingüística (Consellería de Cultura e Turismo) pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega (código do procedemento PL400A).

No artigo 4 establécese que dentro das "Modalidades de axuda" está a de "Mantemento ou reforzamento dun servizo lingüístico dunha entidade local", enténdese baixo este epígrafe "...a dotación de continuidade a un servizo lingüístico creado con anterioridade á data de publicación desta convocatoria de subvencións".

O SNL do Concello de Vigo está a desenvolver a súa actividade dinamizadora do uso e coñecemento da lingua galega dende 1989. Actividade tanto interna e externa, quere dicir traballamos para a propia administración e organismos autónomos como para a cidadanía en xeral. E traballamos tanto no corpus (correccións, terminoloxía, publicación...) como no status (programas e campañas de dinamización).

Cumpre así este SNL os requisitos sinalados nos artigos 4.1.b e 4.2.c (servizo xa existente), art. 7 Funcións do servizo lingüístico (internas/dinamización lingüística/formación sociolingüística/coordinación).

O SNL conta cunha técnica e unha administrativa. Tanto polo volume de traballo, a poboación destinataria e o labor de coordinación, avaliación, seguimento... cómprenos maior dotación económica e humana, cara podermos desempeñar o labor programado anualmente.

Esta orde de convocatoria de subvencións ábreanos a posibilidade a optar por unha axuda que nos permita continuar co labor realizado até o momento.

Polo antedito, solicitamos á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

1.- "A aprobación da solicitude de subvención para a dinamización lingüística, e aceptación das condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na orde, á Secretaría Xeral de Política Lingüística **para o mantemento do SNL** por un total de 25.000,00 euros.

2.- Designar á técnica de Normalización Lingüística, Marta Souto González, para levar a cabo as funcións de coordinación e comunicación coa Secretaría Xeral de Política Lingüística que se desprenden das bases da ORDE do 15 de marzo de 2019."

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **17(299).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE RETIRADA E XESTIÓN DE RESIDUOS VEXETAIS. EXPTE. 11801/446.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 04/04/19 e o informe de fiscalización do 08/04/19, dáse conta do informe-proposta de data 27/03/19, asinado polo xefe do Servizo de Montes Parques e Xardíns, o concelleiro-delegado de Parques Xardíns, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- En data 21 de marzo de 2019, o xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, o xefe da Área de Servizos Xerais e o concelleiro delegado da Área de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos asinan informe xustificativo da necesidade e idoneidade da contratación do servizo de retirada e xestión de residuos vexetais.

2.- Mediante resolución de inicio de expediente de contratación, de data 21 de marzo de 2019, o concelleiro delegado da Área de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos resolve iniciar o expediente de contratación.

3.- O Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP), de data 21 de marzo de 2019, asínase polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, co conforme do concelleiro delegado da Área de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.

4.- A Memoria xustificativa, de data 22 de marzo de 2019, asínase polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e polo xefe da Área de Servizos Xerais, co conforme do concelleiro delegado da Área de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, de data 22 de marzo de 2019.

5.- En data 25 de marzo de 2019, a xefa do Servizo de Contratación emite informe sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

6.- O Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) asínase pola xefa do Servizo de Contratación en data 25 de marzo de 2019.



## Concello de Vigo

### NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada por acordo da Xunta de goberno Local de 19 de xuño de 2015 nos concelleiros de Área. O concelleiro delegado da Área de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos acorda iniciar o expediente de contratación.

**Segundo.-** Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 17 da LCSP, se tramita como un contrato de servizos.

**Terceiro.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan, tanto o prego de cláusulas administrativas particulares, como o de prescricións técnicas, que rexerán o contrato, tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

**Cuarto.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato, de conformidade cos artigos 028 e 116.1 da LCSP.

**Quinto.-** Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1) e o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é o aberto simplificado, e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto nos artigos 116, 131.2 e 159 da LCSP, toda vez que o seu valor estimado é inferior a 100.000,00€ e non hai ningún criterio avaliable mediante xuízo de valor.

**Sexto.-** De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP, e a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

**Octavo.-** O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

**Noveno.-** A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

#### **ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado do contrato de servizo de **retirada e xestión de residuos vexetais**, así como o prego de prescricións técnicas particulares asinado na data 21 de marzo de 2019 e, o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 25 de marzo de 2019.

**SEGUNDO.-** Autorizar o gasto de **42.000,00€**, que inclúe un IVE de 3.818,18€ , o cal se imputará á partida 1710.2100000 "Mantemento parques, xardíns, alamedas e parques forestais", que se distribuirá en tres anualidades, tal e como se desglosa a continuación:

Ano	Importe
2019	14.000,00€
2020	21.000,00€
2021	7.000,00€

**TERCEIRO.-** Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## Concello de Vigo

### **18(300).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DUN NOVO SISTEMA DE DEPURACIÓN DE AUGA PARA AS PISCINAS DAS ZONAS VERDES DE SAMIL. EXPTE. 11813/446.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 04/04/19 e o informe de fiscalización do 10/04/19, dáse conta do informe-proposta de data 18/03/19, asinado polo xefe do Servizo de Montes Parques e Xardíns, o concelleiro-delegado de Parques Xardíns, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

1.- En data 28 de xaneiro de 2019, o xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, e en data 29 de xaneiro de 2019, o xefe da Área de Servizos Xerais e o concelleiro delegado da Área de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos asinan informe xustificativo da necesidade e idoneidade da contratación do subministro dun novo sistema de depuración de auga para as piscinas das zonas verdes de Samil.

2.- Mediante resolución de inicio de expediente de contratación, de data 30 de xaneiro de 2019, o concelleiro delegado da Área de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos resolve iniciar o expediente de contratación.

3.- O Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP), de data 28 de febreiro de 2019, asínase polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns.

4.- A Memoria xustificativa, de data 28 de febreiro de 2019, asínase polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e polo xefe da Área de Servizos Xerais, co conforme do concelleiro delegado da Área de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, de data 28 de febreiro de 2019.

5.- En data 8 de marzo de 2019, a xefa do Servizo de Contratación emite informe sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

6.- O Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) asínase pola xefa do Servizo de Contratación en data 8 de marzo de 2019.

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada por acordo da Xunta de goberno Local de 19 de xuño de 2015 nos concelleiros de Área. O concelleiro delegado da Área de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos acorda iniciar o expediente de contratación.

**Segundo.-** Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 16 da LCSP, se tramita como un contrato de subministro, en función das necesidades da administración con orzamento máximo (disposición adicional 33ª da LCSP 2017).

**Terceiro.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan, tanto o prego de cláusulas administrativas particulares, como o de prescricións técnicas, que rexerán o contrato, tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

**Cuarto.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato, de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

**Quinto.-** Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1) e o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é o aberto simplificado, e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto nos artigos 116, 131.2 e 159 da LCSP, toda vez que o seu valor estimado é inferior a 100.000,00€ e non hai ningún criterio avaliable mediante xuízo de valor.

**Sexto.-** De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP, e a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

**Octavo.-** O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

**Noveno.-** A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de



## Concello de Vigo

Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado do contrato de **subministro dun novo sistema de depuración de auga para as piscinas das zonas verdes de Samil**, así como o prego de prescricións técnicas particulares asinado na data 28 de febreiro de 2019 e, o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 8 de marzo de 2019.

**SEGUNDO.-** Autorizar o gasto de 64.837,12€, que inclúe un IVE de 11.252,72€ , o cal se imputará á partida 1710.6190003 "RECUPERACIÓN DE ZONAS VERDES E PARQUES PÚBLICOS", do vixente orzamento 2019.

**TERCEIRO.-** Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**19(301).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIOS EN PRÁCTICAS E DE CARREIRA COMO POLICÍAS LOCALES OEP 2010/2011". EXPTE. 33890/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10/04/19, dáse conta do informe-proposta de data 12/04/19, asinado polo técnico de organización y planificación de Recursos Humanos, e a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

O Órgano de Selección encargado de xulgar as probas selectivas para prover en propiedade dezaioito prazas de POLICÍA LOCAL en réxime funcional e incluídas no subgrupo C1 de

titulación, pola quenda libre, vacantes no Cadro de Persoal Municipal e incluídas nas Ofertas de Emprego Público correspondentes aos anos 2010/2011, na súa sesión de 19 de setembro do 2018 acordou propoñer o órgano competente o nomeamento dos aspirantes que se relacionan a continuación por ter superados todos os exercicios da oposición coa maior puntuación:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓN	POSTO
17	ALONSO QUIÑONES	PABLO	***5955**	8,67	1
366	PÉREZ ÁLVAREZ	ALEJANDRO	***5377**	8,67	2
341	OTERO GONZÁLEZ	IVÁN	***0027**	8,27	3
19	ALONSO SIMÓN	LUIS	***6128**	8,01	4
192	GARCÍA MIGUÉLEZ	JORGE	***2935**	8,01	5
35	AREAL LAGO	DAMIÁN	***7474**	7,87	6
272	LÓPEZ RODRÍGUEZ	ERO	***1805**	7,74	7
71	CABALEIRO GUERREIRO	MANUEL LUIS	***9050**	7,64	8
82	CAMPOS FERNÁNDEZ	ALEXANDRA	***9051**	7,61	9
283	MACIAS BARROS	JUAN PEDRO	***6437**	7,51	10
355	PENA PEREIRA	DÁMASO LEONARDO	***6069**	7,47	11
289	MARIÑO RUZA	SERGIO	***0067**	7,34	12
41	AVENDAÑO PAZOS	JOSÉ	***3355**	7,21	13
397	PRIETO FANDIÑO	JAIME	***1119**	7,21	14
468	SENDÓN VARELA	DAVID	***5350**	7,21	15
246	HERRERA SOUSA	BORJA	***6049**	7,07	16
231	GONZÁLEZ SELLÁN	ALEJANDRO	***7350**	6,81	17
310	MENÉNDEZ MARQUÉS	ALEJANDRO	***1806**	6,81	18

Asi mesmo, figura na referida Acta do Órgano de Selección, a seguinte relación dos/as oito aspirantes que constitúen a lista de reserva, pola orde de puntuación, de conformidade co disposto na Base VIII das específicas da referida convocatoria pública.

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓN	POSTO
50	BASTOS SALORIO	TAMARA	***9421**	6,68	19
60	BERNÁRDEZ MARTÍNEZ	DIEGO	***0308**	6,54	20
245	HERNÁNDEZ MARÍN	FEDERICO	***3040**	6,54	21
362	PEREIRA PINTO	HUGO DANIEL	***6651**	6,54	22
431	RODRÍGUEZ LOZANO	IGNACIO RAMÓN	***3152**	6,54	23
178	FONTELA GÓMEZ	PATRICIA	***7484**	5,74	24
148	FERNÁNDEZ ALONSO	DAVID	***5406**	5,35	25
233	GONZÁLEZ SOBRAL	RUBÉN	***9031**	5,21	26





## Concello de Vigo

O correspondente anuncio publicouse no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Vigo en data 17/09/2018.

Con data 20/03/2019, núm. de doc 190040297, o aspirante proposto D. Jaime Prieto Fandiño con DNI \*\*\*1119\*\* presentou a súa renuncia a ser proposto como funcionario en prácticas con cargo a referida praza, ao haber obtido unha praza desa categoría nun novo destino.

Con data 04/04/2019 a aspirante, D<sup>a</sup>. Tamara Bastos Salorio con DNI ,\*\*\*9421\*\* proposta na lista de reserva no primeiro lugar, asina a súa aceptación a ser proposta como funcionaria en prácticas con cargo a referida praza.

Con data 08/04/2019 remítese a Área de Recursos Humanos e Formación informe resolutorio da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior conforme ós aspirantes que a continuación se relacionan contan coa condición de Policía Local, tendo superado o correspondente curso selectivo, preceptivo para a categoría de Policía, na Academia Galega de Seguridade Pública:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓN	POSTO
341	OTERO GONZÁLEZ	IVÁN	***0027**	8,27	3
289	MARIÑO RUZA	SERGIO	***0067**	7,34	12
468	SENDÓN VARELA	DAVID	***5350**	7,21	15

Os aspirantes propostos presentaron no prazo establecido nas bases da convocatoria a documentación esixida, que cumpre coa prevista nas devanditas bases.

De conformidade co previsto na Base VII das específicas, en relación coa base décimo cuarta das xerais, os/as aspirantes aprobados unha vez aportada toda a documentación esixida nestas, serán nomeados funcionarios en prácticas, percibindo as retribucións que legalmente correspondan á dita situación (no seu caso unha retribución equivalente ao soldo e pagas extraordinarias correspondentes ao grupo no que estea clasificado o Corpo ou Escala na que aspiren a ingresar-Subgrupo C1 de titulación, e demais previsións contidas no art. 2. do RD. 456/1986, de 10 de febreiro, modificado polo Real Decreto 213/2003, de 21 de febreiro, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas), debendo superar un curso teórico-práctico de 9 meses de duración, como máximo, antes do seu nomeamento definitivo como funcionarios/as de carreira.

En consecuencia e, de conformidade coas atribucións que ostenta a Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e a proposta do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, segundo as competencias que ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decretos de data 19/06/2015 e 30/12/2016, e previo o informe de

fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo Técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos que subscribe, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

**PROPOSTA DE ACORDO:**

**"PRIMEIRO:** Nomear **funcionarios en prácticas** con cargo ás prazas convocadas de **POLICÍA LOCAL**, os seguintes aspirantes propostos/as polo Órgano de Selección e que se relacionan a continuación, por ter superados todos os exercicios da oposición libre coas maiores puntuacións:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓN	POSTO
17	ALONSO QUIÑONES	PABLO	***5955**	8,67	1
366	PÉREZ ÁLVAREZ	ALEJANDRO	***5377**	8,67	2
341	OTERO GONZÁLEZ	IVÁN	***0027**	8,27	3
19	ALONSO SIMÓN	LUIS	***6128**	8,01	4
192	GARCÍA MIGUÉLEZ	JORGE	***2935**	8,01	5
35	AREAL LAGO	DAMIÁN	***7474**	7,87	6
272	LÓPEZ RODRÍGUEZ	ERO	***1805**	7,74	7
71	CABALEIRO GUERREIRO	MANUEL LUIS	***9050**	7,64	8
82	CAMPOS FERNÁNDEZ	ALEXANDRA	***9051**	7,61	9
283	MACIAS BARROS	JUAN PEDRO	***6437**	7,51	10
355	PENA PEREIRA	DÁMASO LEONARDO	***6069**	7,47	11
289	MARIÑO RUZA	SERGIO	***0067**	7,34	12
41	AVENDAÑO PAZOS	JOSÉ	***3355**	7,21	13
468	SENDÓN VARELA	DAVID	***5350**	7,21	15
246	HERRERA SOUSA	BORJA	***6049**	7,07	16
231	GONZÁLEZ SELLÁN	ALEJANDRO	***7350**	6,81	17
310	MENÉNDEZ MARQUÉS	ALEJANDRO	***1806**	6,81	18
50	BASTOS SALORIO	TAMARA	***9421**	6,68	19

**SEGUNDO.-** Nomear **funcionarios de carreira** con cargo ás prazas convocadas de **POLICÍA LOCAL**, os seguintes aspirantes propostos/as polo Órgano de Selección e que se relacionan a continuación, por ter superado todos os exercicios da oposición libre e o curso selectivo previsto nas bases da convocatoria, unha vez acreditado que os mesmos superaron o referido curso impartido pola Academia Galega de Seguridade Pública, de acordo co previsión contida no artigo 16.1 do decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓN	POSTO
341	OTERO GONZÁLEZ	IVÁN	***0027**	8,27	3
289	MARIÑO RUZA	SERGIO	***0067**	7,34	12



## Concello de Vigo

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓN	POSTO
468	SENDÓN VARELA	DAVID	***5350**	7,21	15

**TERCEIRO.-** De conformidade co previsto na Base VII das específicas, en relación coa base décimo cuarta das xerais, os quince aspirantes aprobados unha vez aportada a documentación esixida, serán nomeados como funcionarios en practicas, percibindo en tanto realiza o correspondente curso teórico-practico, as retribucións que lle correspondan (neste caso unha retribución equivalente ao soldo e pagas extraordinarias correspondentes ao grupo no que estea clasificado o Corpo ou Escala na que aspiren a ingresar-Subgrupo C1 de titulación) e demais previsións contidas no art. 2. do RD. 456/1986, de 10 de febreiro, modificado polo Real Decreto 213/2003, de 21 de febreiro, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas.

**CUARTO.-** Os/as aspirantes nomeados/as deberán tomar posesión das súas prazas como funcionarios/as en prácticas no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da recepción do presente acordo, y como funcionarios de carreira na data seguinte a súa publicación reglamentaria, quedando supeditada a súa toma de posesión como funcionarios/as de carreira a que superen o curso teórico-práctico contemplado nas bases específicas da convocatoria, sen prexuízo de que de conformidade co previsto na Base décimo sexta das Xerais da convocatoria, o nomeamento como funcionarios/as de carreira, unha vez superado o curso teórico práctico, unicamente terá efectos coa formalización da toma de posesión definitiva, que deberá realizarse no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

**QUINTO:** Notificar o presente acordo aos interesados/as, á Intervención Xeral, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, Negociado de Seguridade Social, ao Xefe da Área de Mobilidade e Seguridade e Xefatura do Corpo da Policía Local, así coma ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

**SEXTO:** Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social".

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**20(302).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIOS EN PRÁCTICAS DE POLICÍAS LOCALES OEP 2014/2015/2016". EXPTE. 33866/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10/04/19, dáse conta do informe-proposta de data 09/04/19, asinado polo técnico de organización y planificación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

#### ANTECEDENTES:

O Órgano de Selección encargado de xulgar as probas selectivas para prover en propiedade dez prazas de POLICÍA LOCAL en réxime funcional e incluídas no subgrupo C1 de titulación, pola quenda libre, vacantes no Cadro de Persoal Municipal e incluídas nas Ofertas de Emprego Público correspondentes aos anos 2015 e 2016, na súa sesión de 12 de febreiro de 2019, acordou propoñer o órgano competente o nomeamento dos aspirantes que se relacionan a continuación por ter superados todos os exercicios da oposición coa maior puntuación:

Nº	ID	APELIDOS	NOME	PUNTUACIÓNS	DNI
62	7720	CONDE CASTRO	DANIEL	9,333	***5487**
175	7333	MÍGUEZ PÉREZ	PABLO	9,333	***7801**
205	7744	PÉREZ GIRÁLDEZ	BRAIS	9,200	***0547**
118	7355	GONZÁLEZ FORTES	JUAN CARLOS	8,933	***6214**
17	6155	ANTUNES VARELA	MARÍA JESÚS	8,800	***7429**
218	6241	RÍOS GESTO	JUNIOR JOSE	8,000	***4970**
128	6201	GONZÁLEZ VÁZQUEZ	BORJA	7,733	***5523**
163	6285	MARTÍNEZ DUBRA	DIEGO	7,467	***3914**
172	6179	MEJUTO ARES	CARLOS	7,467	***3021**
151	6449	LÓPEZ RODRÍGUEZ	PABLO	7,200	***5586**

Asi mesmo, figura na referida Acta do Órgano de Selección, a seguinte relación dos/as dez aspirantes que constitúen a lista de reserva, pola orde de puntuación, de conformidade co disposto na Base VIII das específicas da referida convocatoria pública.

Nº	ID	APELIDOS	NOME	PUNTUACIÓNS	DNI
2	6143	ABAL LÓPEZ	PEDRO	7,067	***2254**
170	7354	MARTÍNEZ TROITIÑO	ABEL JAVIER	6,933	***5946**
105	7304	GAREA ARES	JESÚS	6,800	***7088**
207	6413	PÉREZ PÉREZ	BRAIS	6,800	***9502**
264	7338	VÁZQUEZ CARBÓN	ÁNGEL	6,667	***4199**
204	7307	PÉREZ ARIAS	CLAUDIO	6,133	***0665**
48	7394	CASAS ÁLVAREZ	SERGIO	6,000	***7953**
249	6377	SOTELO FERNÁNDEZ	DANIEL	5,867	***6514**
190	6593	OTERO JORGE	BRUNO	5,733	***9740**



## Concello de Vigo

Nº	ID	APELIDOS	NOME	PUNTUACIÓNS	DNI
254	7415	TAIBO CORTIÑAS	AGUSTÍN	5,733	***0710**

O correspondente anuncio publicouse no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Vigo en data 12/02/2019.

Con data 20/03/2019, núm. de doc 190040322, o aspirante proposto D. Diego Martínez Dubra con DNI \*\*\*3914\*\* presentou a súa renuncia a ser proposto como funcionario en prácticas con cargo a referida praza, ao haber obtido unha praza desa categoría nun novo destino.

Con data 27/03/2019 e 03/04/2019, núms. de docs 190044889, 190044821 e 190048282, os aspirantes propostos en lista de reserva D. PEDRO ABAL LÓPEZ con DNI \*\*\*2254\*\*, D. ABEL JAVIER MARTINEZ TROITIÑO con DNI \*\*\*5946\*\* e D. JESÚS GAREA ARES con DNI \*\*\*7088\*\*, respectivamente, presentaron as súas renuncias a ser propostos como funcionarios en prácticas con cargo as referidas prazas, ao haber obtido prazas desa categoría nun novo destino.

Con data 03/04/2019 núm. de doc 190047767 o aspirante proposto D. Junior José Rios Gesto con DNI \*\*\*4970\*\* presentou a súa renuncia a ser proposto como funcionario en prácticas con cargo a referida praza, ao haber obtido unha praza desa categoría nun novo destino.

Con data 04/04/2019 os aspirantes, D. BRAIS PÉREZ PÉREZ con DNI \*\*\*9502\*\* e D. ÁNGEL VÁZQUEZ CARBÓN con DNI \*\*\*4199\*\*, propostos na lista de reserva, asinan a súa aceptación a ser propostos como funcionarios en prácticas con cargo as referidas prazas.

Os/as aspirantes propostos/as presentaron no prazo establecido nas bases da convocatoria a documentación esixida, que cumpre coa prevista nas devanditas bases.

De conformidade co previsto na Base VII das específicas, en relación coa base décimo cuarta das xerais, os/as aspirantes aprobados unha vez aportada toda a documentación esixida nestas, serán nomeados funcionarios en prácticas, percibindo as retribucións que legalmente correspondan á dita situación (no seu caso unha retribución equivalente ao soldo e pagas extraordinarias correspondentes ao grupo no que estea clasificado o Corpo ou Escala na que aspiren a ingresar-Subgrupo C1 de titulación, e demais previsións contidas no art. 2. do RD. 456/1986, de 10 de febreiro, modificado polo Real Decreto 213/2003, de 21 de febreiro, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas), debendo superar un curso teórico-práctico de 9 meses de duración, como máximo, antes do seu nomeamento definitivo como funcionarios/as de carreira.

En consecuencia e, de conformidade coas atribucións que ostenta a Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da

Administración Local, e a proposta do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, segundo as competencias que ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decretos de data 19/06/2015 e 30/12/2016, e previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo Técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos que subscribe, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

#### PROPOSTA DE ACORDO:

**"PRIMEIRO:** Nomear **funcionarios en prácticas** con cargo ás prazas convocadas de **POLICÍA LOCAL**, os/as seguintes aspirantes propostos/as polo Órgano de Selección e que se relacionan a continuación, por ter superado todos os exercicios da oposición libre, coas maiores puntuacións:

Nº	ID	APELIDOS	NOME	PUNTUACIÓNS	DNI
62	7720	CONDE CASTRO	DANIEL	9,333	***5487**
175	7333	MÍGUEZ PÉREZ	PABLO	9,333	***7801**
205	7744	PÉREZ GIRÁLDEZ	BRAIS	9,200	***0547**
118	7355	GONZÁLEZ FORTES	JUAN CARLOS	8,933	***6214**
17	6155	ANTUNES VARELA	MARÍA JESÚS	8,800	***7429**
128	6201	GONZÁLEZ VÁZQUEZ	BORJA	7,733	***5523**
172	6179	MEJUTO ARES	CARLOS	7,467	***3021**
151	6449	LÓPEZ RODRÍGUEZ	PABLO	7,200	***5586**
207	6413	PÉREZ PÉREZ	BRAIS	6,800	***9502**
264	7338	VÁZQUEZ CARBÓN	ÁNGEL	6,667	***4199**

**SEGUNDO.-** De conformidade co previsto na Base VII das específicas, en relación coa base décimo cuarta das xerais, os aspirantes aprobados unha vez aportada a documentación esixida, serán nomeados como funcionarios en prácticas, percibindo en tanto realiza o correspondente curso teórico-práctico, as retribucións que lle correspondan (neste caso unha retribución equivalente ao soldo e pagas extraordinarias correspondentes ao grupo no que estea clasificado o Corpo ou Escala na que aspiren a ingresar-Subgrupo C1 de titulación) e demais previsións contidas no art. 2. do RD. 456/1986, de 10 de febreiro, modificado polo Real Decreto 213/2003, de 21 de febreiro, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas.

**TERCEIRO.-** Os/as aspirantes nomeados/as deberán tomar posesión das súas prazas como funcionarios/as en prácticas no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da



## Concello de Vigo

recepción do presente acordo, quedando supeditada a súa toma de posesión como funcionarios/as de carreira a que superen o curso teórico-práctico contemplado nas bases específicas da convocatoria, sen prexuízo de que de conformidade co previsto na Base décimo sexta das Xerais da convocatoria, o nomeamento como funcionarios/as de carreira, unha vez superado o curso teórico práctico, unicamente terá efectos coa formalización da toma de posesión definitiva, que deberá realizarse no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

**CUARTO:** Notificar o presente acordo aos interesados/as, á Intervención Xeral, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, Negociado de Seguridade Social, ao Xefe da Área de Mobilidade e Seguridade e Xefatura do Corpo da Policía Local, así coma ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

**QUINTO:** Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social".

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **21(303).- INDEMNIZACIÓN POR RAZÓN DE SERVIZO DE DISTINTOS SERVICIOS MUNICIPALES. EXPTE. 33826/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 11/04/19, dáse conta do informe-proposta de data 05/04/19, asinado pola técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

Na Área de Recursos Humanos e Formación teñen sido recibidos diferentes expedientes administrativos referidos a indemnizacións por razón do servizo efectuados por persoal

municipal, xuntamente cos informes acreditativos da efectiva realización dos mesmos. Ditos documentos están asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou Áreas e contan coa conformidade dos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas de goberno.

Os expedientes recibidos corresponden aos servizos municipais de Vías e Obras, Desenvolvemento Local e Emprego, Conserxería, Seguridade e Mobilidade, Servizos Económicos (Inspección Tributos), Cemiterios, Museos, e Normalización Lingüística.

En tódolos expedientes relacionados inclúese orde de servizo a cada empregado municipal para a realización dos desprazamentos en función do desempeño das tarefas do seu posto indicando éstas en cada caso, data, identificación do empregado municipal, percorrido e número de quilómetros correspondentes a cada ún deles, así como a matrícula do vehículo utilizado nestes desprazamentos.

A efectiva realización dos desprazamentos, xunto coa veracidade na necesidade e procedencia dos mesmos en relación coa prestación do servizo público presúmese coa correspondente sinatura dos xefes dos servizos e Concelleiros/as-delegados/as dos centros xestores.

Compróbase a concordancia dos datos que figuran no sistema de control de presenza en concepto de saídas por motivos de traballo (código 02) cos datos individuais de cada un dos empregados municipais propostos así como demais ausencias (vacacións, permisos, etc).

Tendo en conta o importe unitario por Km. percorrido establecido no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e a Orden ministerial 3770/2005, de 1 de decembro, que actualiza o importe da indemnización por uso do vehículo particular, e o nº de Km. que figuran en cada unha das relacións asinadas polas xefaturas de Servizo e conformadas polos concelleiros/as-delegados correspondentes, o importe dos devanditos expedientes, nos termos dos cálculos efectuados por esta área, supón un importe de **4.931,86 €.**

A relación dos efectivos públicos municipais con dereito a percibir as indemnizacións por razón do servizo correspondentes para os períodos temporais consignados concrétese no listado subseguinte -que comeza polo empregado público con número de persoal 11682 e que remata coa empregada con número de persoal 23840-:

Nº Expte.	Servizo	Traballador	DNI	Nº Pers	Período	Importe
83407/250	VÍAS E OBRAS	Villar Estévez, R.	***1281*	11682	Xaneiro/febreiro	382,47 €
83546/250		Amoedo Moreira, J.L.	***7307*	22467	Xaneiro/febreiro	165,49 €
83776/250		Lobato Cameselle, R.	***9981*	17489	Febreiro	136,23 €
		Vázquez Rial, R.	***2287*	13273	Xaneiro/febreiro	237,12 €
16274-16344/77	D.L.EMPREGO	Gutiérrez Orúe, F.J.	***9423*	13920	Xaneiro/febreiro	82,53 €
550-554/201	CONSERXERÍA	Fernández Amil, F.	***2216*	13706	Xaneiro/febreiro	410,40 €
		Yáñez Rodríguez, J.	***3149*	17822	Xaneiro/febreiro	483,36 €
180192427	SEGURIDADE	Roca Dafonte, J.M.	***2964*	15303	Dec.18/febreiro	398,05 €
180205151	E	Rodríguez Caramés, J.M.	***4731*	15355	Dec.18/febreiro	435,67 €
190017283	MOBILIDADE	Bacelos González, J.	***2337*	15480	Dec.18/febreiro	489,25 €





## Concello de Vigo

35395/502	SERV.ECONÓ M.	Fragua Jamardo, V.	***3601*	15510	Xaneiro/febreiro	447,83 €
35412/502		Fernández Pedreira, E.	***4272*	11529	Xaneiro/febreiro	470,63 €
		Comesaña Rial, M.	***3364*	9550	Xaneiro/febreiro	482,79 €
11741- 11761/255	CEMITERIOS	Rodríguez López, A.	***3028*	76430	Xaneiro/febreiro	152,76 €
190014185	MUSEOS	Ballesta De Diego, J.J.	***6583*	76439	Febreiro/marzo	2,28 €
		Egea Torrón, P.	***0637*	18543	Febreiro	6,84 €
		Rodríguez Fernández, X.	***6783*	80072	Febreiro/marzo	20,52 €
2440- 2540/334	NORMALIZ.LIN G	Souto González, M.P.	***5489*	23840	Out.18/febreiro	127,64 €
<b>TOTAL</b>						<b>4.931,86 €</b>

### FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

I.- Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, vixentes na actualidade.

II.- Artigos 10, 18, 20 e 21 do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

III.- Base 36ª das Bases de Execución do Orzamentos Municipais do Concello de Vigo para o exercicio económico 2019.

IV.- Artigo 219 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais: Imputación do gasto: clasificación económica 2312000 -"Gastos de Locomoción" dos vixentes Orzamentos Municipais e conseguintes Bases de Execución do Orzamentos Municipais do Concello de Vigo para o exercicio económico 2019.

V.- Artigo 127.1, apartado

s g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada por Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en canto ao réxime de atribución competencial da Xunta de Goberno Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local.

En consecuencia, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

## ACORDO :

“Aprobar o gasto por un importe de **4.931,86 €**, correspondente aos **desprazamentos** efectuados por persoal municipal en concepto de indemnizacións por razón do servizo, acreditada a súa efectiva realización nos expedientes e informes recibidos na área de Recursos Humanos e Formación, asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou áreas e contan coa conformidade dos concelleiros/as-delegados/as das áreas de goberno, segundo a relación contida no cadro subseguinte -que comeza polo empregado público con número de persoal 11682 e que remata coa empregada con número de persoal 23840-, imputándose o gasto con cargo á clasificación económica dos vixentes Orzamentos municipais 231.2 -Gastos de Locomoción.

As partidas funcionais son as seguintes:

NÚM. PARTIDA	SERVIZO	TOTAL
1532	Vías e Obras - Ospio	921,31 €
2410	Desenvolvemento Local e Emprego	82,53 €
9200	Conserxería	893,76 €
1330	Mobilidade e Seguridade	1.322,97 €
9320	Servizos Económicos	1.401,25 €
1640	Cemiterios	152,76 €
3371	Museos	29,64 €
3341	Normalización Lingüística	127,64 €
	<b>TOTAL</b>	<b>4.931,86 €</b>

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **22(304).- DIETAS ÓRGANOS DE SELECCIÓN DE ALGUACIL NOTIFICACION DA OEP 2014, 2015 E 2016. EXPTE. 33845/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 09/04/19, dáse conta do informe-proposta de data 08/04/19, asinado pola técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

## **ANTECEDENTES**

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 21/03/2018, aprobou as bases xerais e específicas dos procesos selectivos das prazas vacantes contidas nas OEP 2014-2015-2016 (publicadas no BOP nº 60 de 26/03/2018), para a provisión en propiedade de prazas de funcionarios así como a contratación en réxime laboral fixo de prazas de persoal laboral



## Concello de Vigo

vacantes no cadro de persoal do Concello de Vigo. Ditas bases xerais foron obxecto de fiscalización previa tal e como se desprende do expediente 31295/220 e cuxo informe de fiscalización se xunta ao expediente.

Ademais, foi obxecto de fiscalización previa o informe-proposta das listas provisionais de admitidos e excluídos, composición dos órganos de selección e lugar e data da primeira das probas das que constan os distintos procesos selectivos, tal e como se desprende do expediente 32440/220, cuxo informe de fiscalización se xunta ao expediente.

Na base VIII da convocatoria (8.4.6) establecíase que os dereitos económicos pola asistencia ás distintas sesións do órgano de selección, regularanse polo disposto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo. Os dereitos económicos dos asistentes ao órgano de selección, técnicos especialistas e administrativos rexeranse tamén polo dito real decreto e percibirán a mesma cantidade que a que corresponde a un vogal, sempre que a súa asistencia fose requirida polo/a presidente/a do citado órgano e así conste efectivamente na acta.

Rematado o proceso selectivo de ALGUACIL-NOTIFICADOR, o Secretario do Órgano de Selección remitiu a esta Área de Recursos Humanos e Formación certificación contendo a relación de membros do referido órgano de selección.

A referida certificación importa un total de 758,88 €, debéndose aplicar con cargo á aplicación orzamentaria 920.1.233.00.00-Dietas Tribunais, segundo relación seguinte:

D. núm. Persoal 19270, presidenta suplente, con DNI \*3604\*\*\*\*, unha asistencia de 39,78 € cada unha, importa un total de 39,78 €.

D. núm. Persoal 23283, presidenta titular, con DNI \*\*04\*\*\*\*, tres asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 119,34 €.

D. núm. Persoal 21640, con DNI nº 76\*\*\*\*99, secretario titular, catro asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 159,12 €.

D. núm. Persoal 80698, vogal do órgano de selección, con DNI nº 3604\*\*\*\*, catro asistencias de 36,72 € cada unha, importa un total de 146,88 €.

D. núm. Persoal 80564, vogal do órgano de selección, con DNI nº 3609\*\*\*\*, tres asistencias de 36,72 € cada unha, importa un total de 110,16 €.

D. núm. Persoal 80395, vogal do órgano de selección, con DNI nº \*\*\*\*8860\*, catro asistencias de 36,72 € cada unha, importa un total de 146,88 €.

D. núm. Persoal 81854, asistencia técnico-administrativa, con DNI nº 36\*\*66\*\*, unha asistencia de 36,72 € cada unha, importa un total de 36,72 €.

Á vista de todo o exposto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e a certificación da Secretaria do órgano de selección encargado de vulgar as probas selectivas para para a provisión en propiedade das prazas de ALGUACIL NOTIFICADOR correspondente á OEP 2014-2015-2016 e as competencias recollidas no artigo 127.1. h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de decembro, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

“Compromete-lo gasto de 758,88 €, con cargo á aplicación orzamentaria 920.1.233.00.00-Dietas Tribunais, recoñecer a obriga e declara-lo abono das cantidades que se indican a continuación aos perceptores que así mesmo se relacionan, polo concepto que se expresa:

D. núm. Persoal 19270, presidenta suplente, con DNI \*3604\*\*\*\*, unha asistencia de 39,78 € cada unha, importa un total de 39,78 €.

D. núm. Persoal 23283, presidenta titular, con DNI \*\*04\*\*\*\*, tres asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 119,34 €.

D. núm. Persoal 21640, con DNI nº 76\*\*\*\*99, secretario titular, catro asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 159,12 €.

D. núm. Persoal 80698, vogal do órgano de selección, con DNI nº 3604\*\*\*\*, catro asistencias de 36,72 € cada unha, importa un total de 146,88 €.

D. núm. Persoal 80564, vogal do órgano de selección, con DNI nº 3609\*\*\*\*, tres asistencias de 36,72 € cada unha, importa un total de 110,16 €.

D. núm. Persoal 80395, vogal do órgano de selección, con DNI nº \*\*\*\*8860\*, catro asistencias de 36,72 € cada unha, importa un total de 146,88 €.

D. núm. Persoal 81854, asistencia técnico-administrativa, con DNI nº 36\*\*66\*\*, unha asistencia de 36,72 € cada unha, importa un total de 36,72 €.”

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## Concello de Vigo

### **23(305).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DA ÁREA DE CULTURA NO MES DE MARZO DE 2019. EXPTE. 2630/330.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 12/04/19, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, e polo concelleiro-delegado da área de Cultura, que di o seguinte:

En cumprimento das instrucións da base 31º das de execución do presuposto en vigor, dáse conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo **servizo da Área de Cultura, no mes de MARZO de 2019.**

#### **SERVIZO: Área de Cultura**

Nº EXP.	CONCEPTO	ADXUDICATARIO-CIF/NIF	IMPORTE
2554/330	CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE ASESORAMENTO PARA REDACCIÓN DE DOCUMENTACIÓN TÉCNICA NECESARIA PARA A CONTRATACIÓN DA SUBSTITUCIÓN DO SISTEMA ANTI-INCENDIOS DA BIBLIOTECA JUAN COMPAÑEL	SABICO SEGURIDAD SA (A20202487)	884,51 €
2583/330	CONTRATACIÓN DO ALUGUER DE ENFRIADORA PARA O VERBUM-CASA DAS PALABRAS	SERVICIOS NORTE, S.A.U. (A15208408)	11.471,01€
2590/330	CONTRATACIÓN DA ADAPTACIÓN DA ILUMINACIÓN DO ACCESO NO AUDITORIO MUNICIPAL	GALLEGA DE ELECTRICIDAD VIGO, S.L (B36777647)	1.712,15 €
2591/330	CONTRATACIÓN DA REPARACIÓN DA TOMA DE CORRENTE DE COMUNICACIÓNS NA PINACOTECA FFR	GALLEGA DE ELECTRICIDAD VIGO, S.L (B36777647)	199,65 €
2594/330	CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO PREVENTIVO DE PORTAS AUTOMÁTICAS DOS EQUIPAMENTOS ADSCRITOS Á REDE DE MUSEOS MUNICIPAIS	ASCENSORES ENOR, S.L. (B36650992)	631,60 €
15947/33 1	CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE TRABALLOS TÉCNICOS PARA A RESOLUCIÓN DE AVARIAS NAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS ADSCRITAS Á ÁREA DE CULTURA	JOSÉ MANUEL MUÍÑOS RODRÍGUEZ (36130547P)	5.469,20 €

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

**24(306).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE VOGAL DO PADROADO DA FUNDACIÓN MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEO DE VIGO (MARCO) EN REPRESENTACIÓN DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 2614/330.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 12/04/19, asinado polo secretario xeral do Pleno, e polo Excmo. alcalde do Concello de Vigo, que di o seguinte:

Cumprimentando escrito da Xerencia da Fundación Museo de Arte Contemporáneo de Vigo (MARCO) no que se comunica a non aceptación do cargo do vogal do Padroado que, ante o secretario da Fundación, ten manifestado D. José Luis Jácome Enriquez nomeado en virtude de acordo da Xunta de Goberno Local de data 28.04.2019 no cupo de representación que corresponde o Concello de Vigo, artigo 16.2 dos Estatutos da Fundación, e conforme o artigo 127.1.m) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Nomear vogal do Padroado da Fundación Museo de Arte Contemporáneo de Vigo (MARCO) en representación do Concello de Vigo a D. Rubén Pérez Correa.

SEGUNDO. Notificar o presente acordo o interesado o obxecto da aceptación do cargo na próxima reunión do Padroado, así como á Dirección e Xerencia da Fundación MARCO.

TERCEIRO. O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación sen prexuízo da súa publicación, unha vez aceptado os cargo, no Boletín Oficial da Provincia, na sede electrónica municipal e no portal de transparencia.

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**25(307).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NO SERVIZO DE MUSEOS MUNICIPAIS DURANTE O MES DE MARZO DE 2019. EXPTE. 2407/341.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 12/04/19, asinado polo xefe de Museos Municipais, o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural da Área de Cultura Festas e Museos, e polo concelleiro-delegado de Cultura, que di o seguinte:

En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento para o ano 2019, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, D. Cayetano Rodríguez Escudero, dá conta á Xunta de Goberno Local, dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de



## Concello de Vigo

Museos Municipais (341) e o Museo Quiñones de León (337) no mes de **MARZO**, e que son os que deseguido se relacionan:

CENTRO OU SERVICIO	CONCEPTO	DATA	IMPORTE
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 2393/341. Servizos de deseño de material gráfico e difusión da exposición "Construíndo cos materiais. Elena Colmeiro (1958-2016)". JOSÉ SALGADO SUÁREZ. RCM 23239.	27/03/19	3.146,00 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 6597/337. Reparacións nas dependencias administrativas do Museo Quiñones de León. JOSÉ MANUEL MUIÑOS RODRÍGUEZ. RCM 20007	18/03/19	677,60 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 6605/337. Subministración puntual de material viario para mantemento da exposición permanente do Museo Municipal Quiñones de León. FERRETERÍA POMBO, S.A. RCM 22864.	26/03/19	1.430,67 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 6593/337. Contrato de servizo de visitas guiadas especializadas no Museo Municipal "Quiñones de León". ESTELA ARQUEOLOXÍA E PATRIMONIO, S.L. RCM 18913.	12/03/19	411,40 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 6595/337. Instalación de lonas publicitarias na Pinacoteca "Francisco Fernández del Riego". JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MUIÑOS. RCM 19511.	13/03/19	726,00 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 6596/337. Produción de Lonas Publicitarias para a Pinacoteca "Francisco Fernández del Riego". DESOÑOS, S.L. RCM 19512.	13/03/19	1.194,42 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 6591/337. Contrato de servizo de montaxe da exposición "Colmeiro" na planta terceira da "Pinacoteca Francisco Fernández del Riego". JOSE MANUEL MUIÑOS RODRÍGUEZ. RCM 17180.	04/03/19	726,00 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 6592/337. Elaboración de informe de estado de conservación da obra "Natureza" de Camilo Nogueira (nº inv. 1097). BIC MATERIALES Y CONSERVACIÓN, S.L. RCM 18331.	07/03/19	278,30 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 6598/337. Servizos de atención especializada a investigadores no Museo Municipal "Quiñones de León". 2019. DATA GESTIÓN CULTURAL, S.L. RCM 21154.	18/03/19	2.783,00 €

### Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

**26(308).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE RECUPERACIÓN DE ZONA VERDE SITUADA SOBRE O FALSO TÚNEL DA AP-9 NA PARROQUIA DE CANDEÁN. EXPTE. 153/441.**

Dáse conta da proposta da Mesa de Contratación de data 09/04/19, que di o seguinte:

9.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de recuperación de zona verde situada sobre o falso túnel da AP-9 na parroquia de Candeán (153-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe do enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos – xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 5 de abril de 2019:

1. OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.
2. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de recuperación de zona verde situada sobre o falso túnel da AP-9 na parroquia de Candeán (153-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	<b>CIVIS GLOBAL, S.L.U.</b>	<b>96,61</b>
2	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.	93,35
3	ORECO, S.A.	93,12
4	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	90,43
5	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	90,10
6	NAROM, S.L.	85,12





## Concello de Vigo

	Licitadores	Puntuación
7	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	85,09
8	SERGONSA SERVICIOS, S.L.	83,05
9	CALFENSA PROYECTOS, S.L.	78,69
10	HORDESCON, S.L.	77,78
11	ELSAMEX, S.A.	76,30
12	UTE CONSTRUCTORA SAN JOSE S.A. - EL EJIDILLO VIVEROS INTEGRALES, S.L.	66,42
13	NATURGALIA, S.L.	43,20

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**27(309).- PROPOSTA DE INCOACIÓN DE PROCEDEMENTO PARA A IMPOSICIÓN PENALIDADES Á EMPRESA COVISAM NORTE, S.L EN EXECUCIÓN DA OBRA “CUBRICIÓN DO PATIO DO COLEXIO ROCÍO”. EXPTE. 283/441.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 05/04/19, asinado pola técnica de Xestión Feder-Vigo Vertical da Área de Fomento, o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico-Servizos Xerais, e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 27 de xullo de 2017, adoptou o seguinte acordo: «Aprobar o Proxecto básico e de execución de “CUBRICIÓN DO PATIO DO COLEXIO ROCÍO”, de data maio de 2017, redactado polo Arquitecto D. Ángel Santorio Cuartero, cuxo orzamento base de licitación, IVE incluído é de DOUSCENTOS SETENTA E CATRO MIL NOVECENTOS NOVENTA E NOVE EUROS CON NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (274.999,99 €)».

**Segundo.-** A Xunta de Goberno Local, na sesión de data 29 de decembro de 2017, adoptou o seguinte acordo: “Adxudicar a COVISAM NORTE, S.L., o procedemento aberto para a contratación das obras de cubrición do patio do Colexio Rocío”. O prazo de execución do contrato é de 3 meses contado a partir da sinatura da acta de replanteo.

**Terceiro.-** Con data 26 de xaneiro de 2018, se efectuou nomeamento dos técnicos municipais Jerónimo Centrón y Aurelio Adán, como Dirección da Obra, de Oscar Pereiro Taibo como Coordinador de Seguridade e Saúde. Posteriormente, mediante Resolución de data 29/01/2018 resólvese a contratación dunha asistencia Técnica con Ángel Santorio Cuartero.

**Cuarto.-** Con data 30 de xaneiro de 2018, o Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Contratación e Limpeza, reolveu aprobar o Plan de Seguridade e Saúde no Traballo para a execución das obras do proxecto de referencia presentado pola contratista COVISAM NORTE, SL., redactado por D. Oscar Manuel Villa Tasende, e informado favorablemente en data 29 de xaneiro de 2018 polo Coordinador de Seguridade e Saúde designado polo Concello.

**Quinto.-** Con data 30 de xaneiro de 2018 subscríbese acta de replanteo negativa, facendo constar a suspensión do inicio da obra ata a finalización do período lectivo.

Posteriormente, con data 21 de maio de 2018, subscríbese a acta de replanteo positiva, que permite fixar o comezo das obras en cuestión, que deberían rematarse antes do 21 de agosto de 2018.

**Sexto.-** Con data 20 de agosto de 2018, a entidade COVISAM NORTE, S.L., presenta no Rexistro do Concello “solicitud de ampliación do prazo da obra” sen xustificar as razóns nas que se fundamenta e sen subliñar o tempo probable da súa duración.

Nótese que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas, esixe que o Concello resolva sobre a prórroga antes de que finalice o prazo de execución do contrato. En consecuencia, a presentación da solicitude un día antes da finalización e sen ningún tipo de xustificación, imposibilita o seu otorgamento.

**Sétimo.-** Á vista da finalización do prazo contractual para a execución das obras de cubrición do patio do Colexio Rocío, con data 12 de setembro de 2018, o responsable do contrato solicitou á Dirección Facultativa da obra que informe sobre o estado das mesmas.

**Oitavo.-** Con data 21 de setembro de 2018 subscríbese acta de recepción negativa dándolle á empresa adxudicataria un prazo de 1 mes e medio, co obxecto de que finalice as tarefas pendentes. En concreto, as deficiencias detectadas son as seguintes:



## Concello de Vigo

*“-Á data da presente, a edificación non se atopa finalizada, estando executada a cimentación, parte da estrutura, o que supón aproximadamente un 25% do importe das obras adxudicadas.*

*-As obras pendentes de executar, á data da presente, consisten na finalización da estrutura autoportante metálica, material de cubrición na súa totalidade, e remates de pavimentación albanelería e instalacións, o que representa un 75% do importe das obras”.*

**Noveno.-** Trala comprobación do estado das obras executadas e a elaboración dos correspondentes informes por parte da asistencia técnica e da empresa encargada do control de calidade, subscribiuse con data 1 de outubro de 2018 acta de apertura provisional e parcial para utilización de parte do patio polos usuarios do CEIP Rocio ata o reinicio das obras que se produciría, segundo o novo plan de traballo da adxudicataria, con data 22 de outubro de 2018, ao atoparse pendente a recepción da cuberta para a súa posterior instalación.

Segundo se recolle na devandita acta, a ocupación non implicaba ocupación efectiva, nin supoñía acto de recepción de ningún tipo.

**Décimo.-** En outubro de 2018, a entidade COVISAM NORTE, S.L. presenta un anexo ao Plan de Seguridade e Saúde xa aprobado, identificado como nº 1 “Cuberta curva autoportante” que foi informado favorablemente con data 11 de outubro de 2018, polo coordinador de Seguridade e Saúde e aprobado polo Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Contratación e Limpeza con data 23 de outubro de 2018.

**Undécimo.-** Con data 6 de marzo de 2019 subscríbese acta de recepción favorable con observación, iniciándose o prazo de garantía. En concreto, se subliña que *“apreciase a existencia de fluorescencia na etapa base de acabado de pavimento da pista que deberá de ser correxida cando as condicións climatolóxicas o permitan, sendo o prazo máximo o inicio do próximo curso escolar”.*

### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público. (TRLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP).,
- Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local. (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rixe o procedemento aberto para a contratación das obras de cubrición do patio do colexio Rocio (PCAP).

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### 1.- Lexislación aplicable

O presente contrato réxese en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e no Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en base ao segundo apartado da Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017, de 0 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordeamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014).

### 2.- Dos incumprimentos das obrigas contractuais polo contratista e da súa tipificación no Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o contrato.

Segundo a Cláusula 4 da FEC do PCAP as obras obxecto deste expediente debían finalizarse nun prazo máximo de 3 meses a contar dende a acta de replanteo. Polo tanto, tendo en conta que a acta de replanteo é de data 21 de maio de 2018 as obras de cubrición do patio do colexio Rocío debían terse rematado antes do 21 de agosto de 2018, feito que non aconteceu xa que a recepción é de data 6 de marzo de 2019.

En relación coa solicitude de ampliación do prazo da obra presentada pola entidade COVISAM NORTE, S.L., con data 20 de agosto de 2018, debemos advertir que a mesma non reúne os requisitos establecidos no artigo 100 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas. En efecto, o texto da mesma limítase a recoller *“solicitude de ampliación do prazo da obra”* sen xustificar as razóns nas que se fundamenta e sen subliñar o tempo probable da súa duración.

Ademais, segundo se expón nos antecedentes, o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas, esixe que o Concello resolva sobre a prórroga antes de que finalice o prazo de execución do contrato para o que era necesario que se presentara antes da finalización do prazo a documentación necesaria.

A lexislación en materia de contratos permite ao órgano de contratación impoñer penalidades polo incumprimento ou o cumprimento defectuoso das obrigas derivadas dos contratos. O artigo 212.1 do TRLCSP determina que *“Os pregos ou o documento contractual poderán prever penalidades para o caso de cumprimento defectuoso da prestación obxecto do mesmo ou para o suposto de incumprimento dos compromisos ou das condicións especiais de execución do contrato”*.

Nesta liña, o prego que rexe o presente contrato prevé a imposición de penalidades, tanto para o incumprimento das condicións especiais de execución como para o cumprimento defectuoso do mesmo na cláusula 35. Esta cláusula, despois de definir o concepto de infracción como *“calquera acción ou omisión por parte do contratista que supoña a vulneración das obrigas derivadas do presente contrato”* (apartado 1), clasifica as mesmas en leves, graves ou moi graves, atendendo ás circunstancias concorrentes e ó maior ou menor prexuízo que se cause á administración ou os usuarios (apartado 2). E no apartado 3 establece as penalidades a impoñer tanto polo incumprimento das condicións especiais de



## Concello de Vigo

execución, como polo cumprimento defectuoso, tipificando os supostos de cumprimento defectuoso, considerados como falta leve, grave e moi grave.

Segundo este apartado do Prego, o incumprimento dos prazos establecidos para a execución das obras, será calificado como falta grave cando os prazos finais sexan superiores ao 50% do prazo previsto ou como falta leve, no suposto en que o incumprimento do prazo sexa inferior ao 50% do prazo previsto para a execución das obras.

O incumprimento por parte de COVISAM NORTE, S.L. do prazo de 3 meses para a execución das obras constitúe unha falta grave, xa que trancorronen máis de 6 meses dende que a obra debía estar finalizada ata a recepción final. En consecuencia, os feitos poden tipificarse como a falta grave recollida na cláusula 35.3.b) do Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe o citado contrato *“O incumprimento de prazos establecidos neste prego para a realización de trámites administrativos ou para a execución das obras cando sexan superiores a un 50 % do prazo previsto para cada trámite”*.

### **3.- Das penalidades que procedería impoñer polo cumprimento defectuoso do contrato**

Para a imposición de penalidades polo cumprimento defectuoso do contrato, a lexislación esixe os seguintes requisitos (artigo 212.1 do TRLCSP):

- Que estean previstas no PCAP.
- Que sexan proporcionais á gravidade do incumprimento.
- A súa contía non poderá ser superior ao 10 por 100 do presuposto do contrato.

O PCAP que rexe o presente contrato, respecto as penalidades a impoñer pola comisión de faltas establece na cláusula 35.3.b) que como norma xeral a súa contía será do 1% do importe de adxudicación do contrato, agás que o órgano de contratación considere que o incumprimento é grave o moi grave, en cuxo caso podería acadar o 5% ou 10%, segundo a infracción fose grave o moi grave respectivamente. Aclarándose que a reiteración no incumprimento deberá terse en conta para valorar a gravidade.

Consonte á cláusula 35.5 do PCAP, para a imposición de penalidades teranse en conta os seguintes criterios de gradación:

- a) A existencia de intencionalidade ou reiteración.
- b) A relevancia dos prexuízos causados, atendendo ó seu valor económico ou á porción de dominio público que resulte afectada.
- c) A reincidencia, por comisión no termo dun ano de máis dunha infracción das previstas no presente prego, cando así fose declarado por resolución firme.
- d) O proceder voluntariamente, antes de que recaia resolución que poña fin ó procedemento sancionador, ó cumprimento da obriga ou deber infrinxido e reparación do dano causado.

Pola comisión dunha infracción grave o PCAP determina que imponerse unha penalidade do 5% ao 10 % do importe de adxudicación do contrato. O importe de adxudicación é de 227.455,80 euros polo que de conformidade cos criterios de gradación, procede impoñer unha penalidade do 5% do precio do contrato que ascende a 11.372,79 euros.

#### **4.- Do procedemento para a imposición de penalidades**

Respecto ao procedemento para imposición de penalidades, o artigo 212.8 do TRLCSP dispón que *“As penalidades impoñeranse por acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable do contrato si designouse, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban abonarse ao contratista ou sobre a garantía que, no seu caso, constituíse, cando non poidan deducirse das mencionadas certificacións”*.

No contrato que nos ocupa, o procedemento para imposición de penalidades está recollido na cláusula 37.II do PCAP, conforme a cal *“As penalidades ou multas coercitivas impoñeranse por acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable do contrato tras a instrución do correspondente expediente contradictorio, previa audiencia do contratista, por un prazo de quince días, acordo que será inmediatamente executivo”*.

En consecuencia, procedería tras a adopción do presente acordo de iniciación do expediente para a imposición de penalidade, no que fixase a contía da mesma, dar trámite de audiencia ao contratista.

#### **5.- Competencia**

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP).

En mérito ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

*“1º.- Incoar procedemento para a imposición dunha penalidade á empresa COVISAM NORTE, S.L, do 5% do importe do contrato, que ascende a 11.372.79 euros, pola comisión da falta de *“incumprimento de prazos establecidos neste prego para a realización de trámites administrativos ou para a execución das obras cando sexan superiores a un 50 % do prazo previsto para cada trámite”*, tipificada como grave na cláusula 35.3.b) do Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe o citado contrato.*

*2º.- Dar trámite de audiencia a COVISAM NORTE, S.L, por un prazo de 15 días hábiles, para achegar cantas alegacións, documentos ou informacións estime convenientes.”*

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



**Concello de Vigo**

**28(310).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e corenta e cinco minutos. Como secretaria dou fe.

ME/mm.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Nuria Rodríguez Rodríguez.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez